



Concellería  
de Benestar  
Social  
Concello de Vigo



Tenencia  
de Alcaldía  
Concello de Vigo



1º Plan das  
Migracións e  
Convivencia  
Intercultural  
de Vigo  
(2009 – 2013)



Concellería  
de Benestar  
Social  
Concello de Vigo



Tenencia  
de Alcaldía  
Concello de Vigo

**Autores:** Cidalia Consultoría  
(Luis Manzano Sánchez e  
Helia Isabel del Rosario Rodríguez)

**Coordina e edita:** Concellería de Benestar Social.  
Concello de Vigo

**Deseño e maquetación:** Anónimo Publicidad



## Santi Domínguez Olveira

Tenente de alcalde do Concello de Vigo

A organización dos recursos municipais, e en particular dos servizos que ofrece Benestar Social, foi un dos retos que asumimos xa dende o inicio da lexislatura. Éramos conscientes de que se trataba dun obxectivo ambicioso. Pero tamén pensabamos que sen esa sistematización, ofrecer uns servizos públicos de calidade sería pouco menos que unha tarefa imposible. Tras o desenvolvemento de traballo previo no que o contacto continuado cos colectivos implicados ten sido unha dinámica continuada e constante, a elaboración do Plan de Inmigración constitúe a materialización de boa parte dese reto.

Certo é que non se trata do único instrumento que dende a Concellería de Benestar Social se ten posto en marcha destinado a fomentar a integración do colectivo de inmigrantes e emigrantes retornados. Podemos lembrar neste sentido o Consello das Migracións ou o Foro de Inmigración. Pero si estamos en condicións de afirmar que constitúe a ferramenta máis completa da que se dota unha administración local galega para dar resposta ás necesidades deste colectivo, por outra banda, cada vez máis presente na nosa sociedade. O obxectivo primordial neste sentido é poñer en marcha todos os mecanismos precisos para impulsar a integración das persoas de procedencia estranxeira. Supón, por tanto, un paso de xigante na loita pola igualdade de oportunidades que defendemos na nosa acción de goberno.

Como tenente de alcalde quero aproveitar estas liñas para expresar os meus parabéns á concelleira de Benestar Social. Sen o seu esforzo e empeño a prol da interculturalidade, caracterizada pola convivencia entre todos os segmentos da poboación viguesa, non sería posible facer de Vigo unha verdadeira cidade de acollida e integración.



## María Méndez Piñeiro

Concelleira de Benestar Social do Concello de Vigo

Traballar para a xente é o eixo do traballo que estamos a desenvolver no goberno da cidade. A posta en marcha do Plan de Inmigración, o primeiro dunha cidade galega, é proba da nosa aposta por dar resposta ás necesidades da cidadanía, xa que responde a unha realidade que se vén detectando dende hai anos na nosa cidade. Vigo é o motor económico e industrial de Galiza, dinámica e emprendedora, e como tal, a súa poboación de orixe estranxeira experimenta un constante incremento, que na actualidade ronda o 6% da poboación total censada.

Tendo en conta estes datos, un dos compromisos que asumimos coa veciñanza foi ofrecer recursos sistemáticos e programas de inserción socio-laboral, orientados especificamente cara a colectividade de inmigrantes e emigrantes retornados de Vigo. O Plan de Inmigración é o instrumento do que se dota a Concellería de Benestar Social para promover a integración deste colectivos, aportando solucións ás súas necesidades concretas, como vivenda, emprego ou tramitación de permisos.

Pero hai aínda outro aspecto que non quero deixar de destacar e que ten que ver directamente co noso compromiso de traballar para a xente. Refírome ao carácter sumamente participativo que caracteriza esta iniciativa. Dende o inicio da súa xestión a Concellería de Benestar Social mantivo diversas xuntanzas cos colectivos de inmigrantes para escoitar de primeira man as súas demandas e suxestións. Consideramos que esta é a única forma de construír unha cidade multicultural na que a igualdade de oportunidades sexa realidade.



# Sumario

## 1. Introducción e xustificación do Plan

- 1.1. As Migracións Internacionais
- 1.2. As Migracións en Galicia: O caso de Vigo
- 1.3. O contexto socioeconómico actual
- 1.4. Vigo: unha sociedade culturalmente diversa
- 1.5. Percepcións sobre a inmigración
- 1.6. As necesidades da poboación estranxeira de Vigo
- 1.7. A Política de Inmigración do Concello de Vigo

## 2. Metodoloxía na elaboración do Plan

## 3. Marco Normativo

## 4. Marco Conceptual

- 4.1. Os principios reitores do Plan
- 4.2. Principios políticos e marco conceptual do Plan
- 4.3. Principios estratéxicos e operativos

## 5. Marco de actuación

- 5.1. Estrutura do Plan
- 5.2. Obxectivos do Plan
- 5.3. Eixos de Actuación: Liñas de intervención e Accións  
(Programas ou Medidas)

## 6. Seguimento e avaliación do plan





## Introdución e xustificación do Plan

### 1.1. As Migracións Internacionais

España, pasou de ser, en moi poucas décadas, un estado tradicionalmente emigrante a ser un estado receptor de inmigración. Cambio que comeza a porse tamén de manifesto en Galicia nos últimos anos de xeito cada vez máis crecente.

Galicia foi historicamente unha comunidade vinculada á emigración. A galega foi unha sociedade que se caracterizou polo intercambio e interacción permanente dos seus homes e mulleres con xente de distintos pobos e culturas, conformando así un país cunha importante tradición e identidade propia, pero á súa vez, aberto ás contribucións seculares de xente de moi diversa orixe.

A presenza de persoas de orixe estranxeira e de emigrantes retornados, nas nosas cidades e pobos, puxo de manifesto que o fenómeno da inmigración é agora unha realidade próxima, crecente e complexa, convertendo esa diversidade e multiculturalidade nun reto e nunha oportunidade.

Como ben se recoñece nos plans que guían as actuacións en materia de inmigración, a nivel estatal e autonómico, na posta en práctica das políticas de inmigración interveñen unha multiplicidade de axentes públicos e privados, correspondéndolles ás entidades locais un maior protagonismo na atención directa das persoas inmigrantes por ser esta a administración máis próxima ao cidadán.

Dentro dese contexto, o Concello de Vigo decidiu, no ano 2009, elaborar e pór en marcha o I Plan das Migracións e Convivencia Intercultural de Vigo para contribuír, por unha banda, cos obxectivos expostos polo Plan Galego de Cidadanía, Convivencia e Integración (2008–2011) da Xunta de Galicia, e por outro, recoller e definir as accións e políticas públicas que, en materia de inmigración e interculturalidade, incumben á cidade de Vigo e ás súas novas necesidades.

O Plan ten previsto desenvolver accións a través de distintos eixos estratéxicos, como son a acollida e acceso aos recursos, a sensibilización e loita contra o racismo e a xenofobia, o fomento da participación, a convivencia intercultural e a análise e coñecemento da realidade, seguindo o obxectivo xeral de alcanzar unha maior integración social, no sentido de que toda a cidadanía de Vigo forme parte de xeito efectivo e participativo da sociedade viguesa.

O I Plan das Migracións e Convivencia Intercultural, ademais de pór en marcha un conxunto de actuacións e programas destinados á poboación inmigrante, aséntase nun concepto esencial, que vira arredor da noción de convivencia intercultural, que se desenvolve nun contexto multicultural como é a cidade de Vigo.

A convivencia enténdese como un proceso no que participan activamente os dous grupos sociais que forman parte do proceso: inmigrantes e autóctonos: os/as inmigrantes, que deben realizar un esforzo adicional na medida en que acceden voluntariamente a unha nova sociedade con normas e regras que lles son alleas, e os/as autóctonos/as, que deben igualmente percibir o fenómeno da inmigración dende unha perspectiva positiva, porque os/as inmigrantes son suxeitos dos dereitos fundamentais e titulares da dignidade que, en canto tal, correspóndelles de xeito inalienable. Dende esta interconexión de ámbolos grupos é dende a que a convivencia intercultural pode ser un éxito, sempre na medida na que sexa asumida por toda a cidadanía dende a corresponsabilidade e o compromiso mutuo por construír unha sociedade común e de convivencia.

Así mesmo, a participación das organizacións sociais e cidadanía de Vigo, tanto na elaboración do plan como no desenvolvemento del, configúrase como un elemento central que sustenta e dá sentido a un plan que en definitiva trata de lograr a convivencia pacífica dos/as cidadáns e cidadás de Vigo. É por iso que durante a realización do Plan desenvolveuse un proceso participativo, amplo e dinámico, que involucrou ás administracións públicas e á sociedade civil (organizacións sociais, asociacións de inmigrantes, entidades sen ánimo de lucro), a partir do cal realizouse un amplo diagnóstico sobre a percepción e situación actual do proceso de integración e convivencia intercultural na sociedade viguesa.

Nos últimos anos fóronse producindo paulatinos cambios na composición sociodemográfica de Vigo, no que á inmigración se refire, tanto nos aspectos cuantitativos,

derivados do incremento de novos/as veciños/as na cidade, como en aspectos cualitativos, debido á variedade de países de orixe dos/as inmigrantes, a súa distribución no contorno urbano, ou das súas necesidades en materia de emprego ou de vivenda, por citar só algunhas das características máis importantes. Eses cambios sociodemográficos, xunto coa revisión e sistematización das crecentes demandas dos servizos municipais, constitúen a base a partir da cal se proxectan e desenvolven os eixos estratéxicos do Plan.

Así mesmo, as accións a desenvolver no marco do I Plan das Migracións e Convivencia Intercultural de Vigo estarán coordinadas coas accións propostas polo I Plan formulado pola Xunta de Galicia e en correspondencia cos obxectivos expostos polo Plan Estratéxico de Cidadanía e Integración presentado pola Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración do Ministerio de Traballo e Inmigración, a fin de optimizar e rendibilizar os servizos de atención e información vinculados coa inmigración, creada nos últimos anos. Para iso, estableceranse as canles de información e coordinación adecuados, que permitan, a todos/as os/as profesionais do sector, dispor dos recursos necesarios para unha boa atención e mellora da convivencia intercultural.

O Plan incorpora tamén os mecanismos de seguimento que permitan avaliar os resultados da aplicación dos dispositivos, coñecer a evolución da convivencia intercultural na nosa cidade ao longo do período de vixencia do mesmo e adoptar, no caso de que fose necesario, as medidas correctoras adecuadas.

## 1.2 As Migracións en Galicia: O caso de Vigo


Como se desprende do Plan Galego de Cidadanía, Convivencia e Integración 2008–2011, aínda que Galicia posúe un volume relativamente baixo de fluxos migratorios en comparación con outras comunidades autónomas, o crecemento da poboación estranxeira foi especialmente intenso na última década e en particular, dende inicios do século XXI.

Na actualidade, en Galicia residen 106.129 persoas de orixe estranxeira, segundo os datos provisionais do Instituto Nacional de Estadística (INE) a 1 de xaneiro de 2009. Como se pode observar no gráfico 1, se comparamos estas cifras coas do ano 2000 no que as persoas procedentes doutros países que fixaran a súa residencia en Galicia ascendían a 25.602, observamos como a presenza de poboación de orixe estranxeira en Galicia multiplicouse por 4,14 en apenas 9 anos.

Gráfico 1  
**Evolución da poboación  
inmigrante en Galicia**

Fonte: Elaboración propia a partir  
da explotación estatística do  
padrón a 1 xaneiro de 2009

Fonte INE ([www.ine.es](http://www.ine.es))





Estes datos indican que o incremento medio anual de poboación inmigrante foi, para o período analizado, dun 17,5%. Cabe destacar que o maior crecemento porcentual tivo lugar entre os anos 2000 a 2003, cando as migracións crecían a un ritmo anual de practicamente o 30% mentres que nos últimos anos a media descendeu ata o 12% entre os anos 2007 a 2009, o que indica un progresivo descenso no ritmo de crecemento das migracións internacionais cara a Galicia aínda que en números absolutos o crecemento é maior neste último período. (Ver Táboa 1).

*Táboa 1*  
**Evolución da poboación  
inmigrante en Galicia**  
**Poboación inmigrante** **Incremento**  
**% en relación ao ano anterior**  
**Incremento en números absolutos**

	Poboación inmigrante	Incremento % en relación ao ano anterior	Incremento en números absolutos
2000	25.602		
2001	33.058	29,12	7.456
2002	42.462	28,44	9.404
2003	53.808	26,72	11.346
2004	58.387	8,50	4.579
2005	69.363	18,79	10.976
2006	73.756	6,33	4.393
2007	81.442	10,42	7.686
2008	95.568	17,34	14.126
2009	106.129	11,05	10.561
media		17,41	8.947

FONTE: Elaboración propia a partir  
da explotación estatística do  
padrón a 1 de xaneiro de 2009

Fonte INE (www.ine.es)




O proceso migratorio en Galicia posúe algúns trazos específicos que o diferencia doutras comunidades autónomas.

De entre as características deste proceso, de chegada de persoas de orixe estranxeiras a Galicia, podemos citar en primeiro lugar unha estreitamente relacionada coa súa historia de emigración, como evidencia o feito de ser, ata fai poucos anos, a principal comunidade autónoma de emigrantes retornados/as, característica esta que establece unha gran diferenza con outras zonas do territorio español xa que é un elemento clave no desenvolvemento de políticas públicas de inmigración.

Outra desas características é a orixe da poboación estranxeira residente en Galicia. Atendendo ás principais nacionalidades de orixe das persoas inmigrantes, en Galicia, podemos observar no Gráfico 2 como 16 nacionalidades representan o 90,02% da migración en Galicia. De entre todas destaca a importancia numérica da poboación de nacionalidade portuguesa e da poboación brasileira, que entre ámbalas dúas representan o 32% dos/as inmigrantes en Galicia, seguidas da poboación de nacionalidade colombiana, arxentina, romanesa, marroquí, uruguaia e venezolana.

**Gráfico 2**  
**Evolución da poboación inmigrante en Galicia**

**Distribución por nacionalidades 2008**



Fonte: Elaboración propia a partir da explotación estatística do padrón a 1 de xaneiro de 2009

Fonte INE ([www.ine.es](http://www.ine.es))



No caso de Portugal debido á proximidade xeográfica, afinidade lingüística e relacións comerciais e laborais entre o norte de Portugal e as cidades de Vigo e Ourense; e no caso das persoas procedentes de países de Latinoamérica, polos vínculos creados pola emigración galega como apuntáramos.

No entanto, hai que sinalar que nos últimos catro anos, cinco nacionalidades duplicaron e ata triplicaron a súa presenza na comunidade galega, como son Bulgaria, Romanía, Bolivia, Perú e China. Configúranse así como colectivos fortemente emerxentes no contexto migratorio galego.

Como podemos observar na Táboa 2, outra característica é a desigual distribución territorial da poboación de orixe estranxeira en Galicia pois tres de cada catro estranxeiros residentes, en torno ao 75% do total, están situados entre as provincias de Pontevedra e A Coruña, sendo a de Pontevedra a provincia con maior presenza de inmigrantes.

**Táboa 2**  
**Distribución da poboación  
inmigrante por provincias**

FONTE: Elaboración propia a partir da explotación estatística do padrón a 1 de xaneiro de 2009

Fonte INE (www.ine.es)

	2005	2006	2007	2008
A Coruña	23.855	25.468	28.137	33.711
Lugo	6.930	7.992	9.076	11.582
Ourense	11.343	12.116	12.424	14.006
Pontevedra	27.235	28.180	31.805	36.269

Esta distribución diferenciada por provincias tamén ten reflexo na distribución por nacionalidades. Así, por exemplo parte dos portugueses residen nas provincias de Pontevedra e Ourense; mentres, os/as brasileiros/as sitúanse preferentemente nas provincias de Pontevedra e A Coruña, de igual xeito que os/as venezolanos/as. Podemos afirmar que existen certas pautas de concentración residencial por colectivos nacionais na comunidade galega que seguramente están relacionados coa existencia de redes sociais destes colectivos.

Segundo o estudo "Inmigración estranxeira e territorio en Galicia" da Secretaría Xeral de Emigración, a distribución municipal das persoas estranxeiras entre 1996 e 2006 pasou de ter un carácter puntual a ter unha ampla difusión territorial. Aínda que hoxe en día en todos os municipios galegos hai persoas estranxeiras empadroadas, o estudo destaca que este é un fenómeno que é case exclusivamente urbano. Deste xeito, 12 das principais cidades do sistema urbano galego concentran máis da metade da poboación de orixe estranxeira presente na Comunidade, como podemos observar na Táboa 3.

**Táboa 3**  
**Distribución da poboación inmigrante**  
**por cidades máis representativas**

Cidades	Poboación estranxeira
Vigo	15.940
A Coruña	10.811
Ourense	4.677
Lugo	4.406
Santiago de Compostela	3.824
Pontevedra	3.142
Ferrol	1.821
Arteixo	1.666
Verín	1.613
Vilagarcía de Arousa	1.542
Oleiros	1.524
Ames	1.419

FONTE: Elaboración propia a partir  
 da explotación estatística do  
 padrón a 1 de xaneiro de 2009

Fonte INE (www.ine.es)

A principal consecuencia desta concentración en espazos urbanos é que as cidades convértense nos principais focos dinamizadores e de oferta de emprego na comunidade autónoma, orixinando unha distribución da poboación inmigrante que tende a concentrarse cara á parte occidental de Galicia, cara ao litoral. As excepcións veñen dadas nalgúns concellos do sur de Ourense e Pontevedra, fronteirizos con Portugal, nos cales a poboación de orixe portuguesa ten unha presenza destacable.



A concentración da oferta laboral, sobre todo no sector terciario e na construción, e en menor medida na industria e en determinadas actividades de minería, explica en gran parte a distribución dos/as inmigrantes no territorio, aínda que son as provincias de Pontevedra e de A Coruña as que destacan nos datos de afiliación e altas de traballadoras e traballadores estranxeiros na Seguridade Social.

Estas pautas de concentración residencial reproducense en cada provincia e deste xeito máis do 75% da migración en cada unha das catro provincias galegas concéntrase en dez cidades, como podemos analizar na Táboa 4.

*Táboa 4*  
**Distribución da poboación  
inmigrante por cidades  
máis representativas,  
segundo provincia**

PONTEVEDRA		A CORUÑA		LUGO		OURENSE	
Lalín	1.107	Ames	1.419	Chantada	263	Barbadás	372
Marín	936	Arteixo	1.666	Foz	511	Barco de Valdeorras	1.264
Nigrán	684	Carballo	745	Lugo	4.406	Carballeda de Valdeorras	319
Pontevedra	3.142	Coruña (A)	10.811	Monforte de Lemos	742	Carballiño (O)	671
Porriño	805	Culleredo	1.215	Ribadeo	371	Xinzo de Limia	543
Ponteareas	1.159	Ferrol	1.821	Sarria	429	Mezquita (A)	217
Redondela	631	Oleiros	1.524	Saviñao (O)	152	Oímbra	236
Tui	806	Ribeira	937	Vilalba	332	Ourense	4.677
Vigo	15.940	Sada	771	Viveiro	880	Padrenda	231
Vilagarcía de Arousa	1.542	Santiago de Compostela	3.824	Burela	869	Verín	1.613
<b>TOTAL</b>	<b>26.662</b>	<b>TOTAL</b>	<b>24.733</b>	<b>TOTAL</b>	<b>8.955</b>	<b>TOTAL</b>	<b>10.143</b>
Porcentaxes s/t provincial	73,51	Porcentaxes s/t provincial	67,97	Porcentaxes s/t provincial	77,32	Porcentaxes s/t provincial	72,42



En canto á desagregación por sexo, e tomando en consideración que o número de mulleres inmigrantes é superior ao dos homes tanto en volume de poboación estranxeira empadroada, como nas autorizacións de residencia en vigor, no mercado laboral galego, a situación cambia. De maneira que, segundo os datos da Seguridade Social, do total de estranxeiros afiliados en agosto de 2009 (41.539) o 60,2% (25.026) son homes fronte a un 39,8% (16.513) de mulleres, tendencia que se veu observando dende anos anteriores, xa que no ano 2006 a porcentaxe de mulleres afiliadas e en alta laboral era dun 36,94% mentres que os homes afiliados representaban o 63,05%.

Eses datos reflicten que respecto da inserción laboral, as mulleres inmigrantes en Galicia enfróntanse a unha situación de maior vulnerabilidade con respecto aos homes e teñen maiores dificultades de acceso ao mercado laboral regulado, desenvolvendo a súa actividade laboral nalgúns casos no sector informal, ou en sectores de actividade menos regulados, como son o emprego doméstico e o coidado das persoas dependentes.

## O CASO DE VIGO

Vigo é o municipio galego con maior presenza de inmigrantes, 17.370 persoas a 1 de xaneiro de 2010; dos cales en torno ao 60% proceden de países sudamericanos.

Táboa 5

**Estranxeiros empadroados en Vigo. Totais, distribución por sexo e continente**

	AMBOS SEXOS	HOMES	MULLERES
Total Poboación	298.648	144.333	156.315
España	281.278	135.712	147.566
Estranxeiros	17.370	8.621	8.749
Europa	5.635	3.235	2.400
África	1.347	934	413
América	9.847	4.156	5.691

FONTE: Padrón Municipal de Habitantes de Vigo a 1 xaneiro


Tanto se analizamos os números absolutos como as porcentaxes, podemos observar que a poboación estranxeira na Cidade de Vigo é aínda incipiente, xa que non supera o 6% do total de poboación, aínda que se trata da cidade galega con maior número de poboación estranxeira empadroada no seu territorio.

Por continente de procedencia, os estranxeiros residentes en Vigo proceden maioritariamente de América Latina e da Unión Europea, seguidos, aínda que en menor número, de persoas procedentes do continente africano.


Así mesmo, ao descender ao nivel dos países de orixe, atopámonos cales son as principais nacionalidades das persoas estranxeiras residentes en Vigo.

Dos residentes procedentes da Unión Europea, Portugal, é a nacionalidade máis numerosa: trátase dunha inmigración histórica no caso de Galicia e de Vigo, sendo unha poboación cunha presenza dilatada nos anos. Tras estes son os nacionais de Romanía e Italia o 2º e 3º colectivos máis importantes.

**Gráfico 3** Porcentaxe de Españóis e Estranxeiros  
**Evolución da poboación inmigrante en Galicia**



Elaboración propia  
FONTE: Padrón Municipal de  
Habitantes de Vigo a 1 de  
xaneiro de 2009




De entre os/as inmigrantes orixinarios de América Latina atopamos algo máis de diversidade: Brasil, Uruguai, Colombia e Arxentina son as catro nacionalidades máis representadas, seguidas de Bolivia, Perú e Venezuela. Esta presenza está moi relacionada cos fluxos migratorios de España a América Latina, xa que Arxentina, Venezuela e Uruguai foron tres dos países onde os galegos emigrados fixaron a súa residencia. Actualmente unha parte importante dos nacionais destes tres países residentes en Vigo son emigrantes retornados ou descendentes daqueles emigrantes galegos que partiron cara a América durante os anos 40, 50 e 60.

Finalmente de entre as persoas procedentes de países de África, o colectivo máis numeroso é o dos senegaleses.

Tal e como se expuña anteriormente a emigración de retorno é unha peculiaridade da inmigración galega e, xa que logo, reflíctese tamén no caso de Vigo. Se comparamos o número total de estranxeiros/as empadroados/as en Vigo (17.370) cos empadroados/as nacidos/as no estranxeiro (28.684) segundo datos do INE (Padrón Municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 2009) obsérvase que case algo máis de 11.000 persoas con nacionalidade española das residentes en Vigo naceron no estranxeiro, o cal puidese indicar que se trata de emigración de retorno, polo menos a modo de estimación.

Gráfico 4  
Principais Nacionalidades



FONTE: Padrón Municipal de  
Habitantes de Vigo a 1 de  
xaneiro de 2009

Nesta táboa podemos observar o panorama completo da orixe das persoas residentes en Vigo e vemos como o groso das persoas empadroadas nadas fóra do municipio, procede de territorio español: maioritariamente doutras provincias da Comunidade Autónoma de Galicia, seguidas das nadas na provincia de Pontevedra pero nun municipio distinto a Vigo e en menor medida doutras Comunidades Autónomas.

Estes datos dannos unha clara idea de como o universo migratorio de Vigo se reparte entre a migración interna e a migración internacional, xa que a case totalidade dos nados fóra de Vigo proceden de territorio español, mentres que só un 16% dese total son nados no estranxeiro.

**Táboa 6**  
**Empadroados en Vigo segundo**  
**lugar de nacemento. 2008**

FONTE: Elaboración propia a partir  
da explotación estatística do  
padrón a 1 de xaneiro de 2009


Fonte INE ([www.ine.es](http://www.ine.es))

	AMBOS SEXOS	HOMES	MULLERES
Total	295.703	140.870	154.833
Nacidos en España	267.019	126.962	140.057
Nacidos en Galicia	248.197	117.850	130.347
Nacidos en Pontevedra	209.090	100.052	109.038
Nacidos en Vigo	174.253	84.768	89.485
Nacidos noutro Municipio	34.837	15.284	19.553
Nacidos noutra Provincia	39.107	17.798	21.309
Nacidos noutra Comunidade Autónoma	18.822	9.112	9.710
Nacidos no Estranxeiro	28.684	13.908	14.776

Outro aspecto importante das migracións en Vigo é a distribución por sexo dos estranxeiros residentes no municipio. Para o caso de Vigo repítese a tendencia xeral de Galicia: máis da metade das persoas de orixe estranxeira son mulleres: 8.749. Tendencia que ademais se confirma en determinadas nacionalidades de América do Sur como Brasil, Arxentina, Colombia, Perú, Bolivia, Uruguai, Paraguai ou República Dominicana.

Para rematar consideraremos o factor idade para terminar de conformar o universo e o perfil da inmigración en Vigo. As franxas de idade nas que máis estranxeiros se atopan son a de 16 a 40 anos e a de 41 a 65 anos. Trátase dunha poboación en idade activa. Estas cifras dan idea da importancia do acceso a un emprego dos distintos colectivos estranxeiros residentes na cidade de Vigo.

Gráfico 5  
**Distribución por sexos**






### 1.3. O contexto socioeconómico actual

Para o desenvolvemento e posta en marcha do I Plan das Migracións e Convivencia Intercultural de Vigo é imprescindible tomar en consideración o contexto socioeconómico no que nace e no que se vai a desenvolver nos próximos catro anos.

A crise socioeconómica actual reflíctese de xeito inmediato na nosa cidade sobre toda a poboación, e en concreto sobre a poboación inmigrante ten unhas consecuencias especialmente intensas e diversas con respecto da poboación xeral. A grandes liñas, os principais efectos que se producen son os seguintes:

- A caída do emprego xa afecta de xeito máis importante á poboación inmigrante. Segundo os datos do Servizo de Emprego de Galicia os parados estranxeiros de Vigo en agosto de 2009 eran 1.486, o que representa o 5,95% do paro total rexistrado na cidade e supón que un 8,6% dos estranxeiros residentes en Vigo se atopen en situación de desemprego.

*Gráfico 6*  
**Españóis e estranxeiros/as por tramo de idade**



Isto débese fundamentalmente a dúas razóns, en primeiro lugar á maior vulnerabilidade dos/as traballadores e traballadoras inmigrantes, pola precariedade de condicións laborais e polos elevados índices de temporalidade. En segundo lugar os sectores nos que se empregaban a maioría dos/as inmigrantes son os sectores máis afectados, en principio, pola crise. Como é o caso do sector da construción, seguido polo sector servizos. En vista destes datos podemos afirmar que as persoas inmigrantes están padecendo directamente os efectos da crise socioeconómica actual, dando lugar á perda dos seus empregos e polo tanto dos seus ingresos.

Na seguinte táboa podemos ver os datos desagregados por nacionalidades e observamos que as nacionalidades máis afectadas son Portugal, Colombia, Romanía e Uruguai.

*Táboa 7*  
**Paro rexistrado en Vigo segundo  
Nacionalidade. Datos absolutos**

Alemaña	19	Paraguai	10
Bulgaria	24	Perú	57
Chile	12	Polonia	11
Colombia	121	Portugal	384
Cuba	34	Romanía	102
República Dominicana	11	Federación de Rusia	10
Ecuador	31	Senegal	36
Francia	29	Ucrania	11
Alemaña	19	Reino Unido	20
Ghana	22	Uruguai	90
Italia	69	Venezuela	50
México	12	Non Consta	207
Marrocos	42	Outros	56
Nixeria	16	Total	1486

Elaboración Propia  
FONTE: Servizo de emprego da  
Xunta de Galicia

Destacamos unha posible modificación en canto aos fluxos migratorios que se están producindo ata o momento, podendo dar lugar a unha diminución dos fluxos de entrada en España. Diferentes informes baseados en datos da ONU, a OCDE e o Banco Central Europeo, afirman que a crise reducirá o fluxo migratorio a menos da metade en tres anos, con chegadas que oscilarán aproximadamente entre 250.000 e 300.000 novos residentes ao ano.

É previsible que o número de estranxeiros/as que elixan España como destino descenda como consecuencia da crise económica. O Observatorio Permanente da Inmigración (OPI) do Ministerio de Traballo e Inmigración sinala no seu último informe que entre abril e xuño de 2008, o número de persoas estranxeiras con certificado de rexistro ou cartón de residencia caeu en 23.749, un dato que rompe o crecemento dos últimos anos. Os maiores descenso producíronse na poboación latinoamericana, de Ecuador sobre todo, pero tamén de Colombia e Bolivia. Este dato por si só non confirma nin desmente nada, xa que a causa podería ser unha situación conxuntural vinculada á vez que transcorre entre a caducidade das autorizacións e a súa efectiva renovación. É necesario permanecer atento a esta situación para observar como se expresan estes indicadores en Vigo.

Vemos resultados non significativos respecto dos Programas Voluntarios de Retorno de inmigrantes aos seus países de orixe. Tampouco temos a certeza nin podemos demostrar ou constatar que haxa un fluxo de retorno de inmigrantes aos seus países de orixe.

Os proxectos migratorios son un proceso social complexo e como tal deben analizarse. Existen diversos factores que inflúen á hora de tomar a decisión de migrar, factores persoais, factores sociais, que dificultan que tras o esforzo de levar a cabo un proxecto migratorio se chegue a tomar a decisión do retorno voluntario. Temos que ter en conta que os problemas socioeconómicos do contexto actual non frean necesariamente a inmigración irregular, porque a crise dáse tamén nos países de orixe. Non só non hai, en principio, indicadores do retorno de migrantes, senón que ademais habería que ter en conta as condicións existentes nos países de orixe.






## 1.4. Vigo: unha sociedade culturalmente diversa

Sen ningunha dúbida a última década supuxo un importante cambio na realidade social de Vigo, cambio que ademais doutros factores, estivo marcado tamén pola chegada de persoas estranxeiras e emigrantes retornadas á cidade. Este proceso foi aumentando de xeito significativo a partir do ano 2005 pasando de 12.628 estranxeiros a 17.370 no ano 2009.

Elaboración da poboación estranxeira

### Evolución da Poboación Estranxeira



Elaboración Propia  
FONTE: Padrón Municipal de Habitantes de Vigo a 1 de xaneiro de 2009

Froito destas transformacións é a cada vez maior a diversidade étnico-cultural da cidade. Varios elementos axudan a caracterizar este proceso de crecente diversidade. O primeiro é o da presenza de persoas dos cinco continentes no municipio. En Vigo atopámonos hoxe con presenza de máis de 120 nacionalidades distintas, aínda que a procedencia maioritaria é, como xa se analizou anteriormente, latinoamericana e europea: portugueses/as, romaneses/as, brasileiros/as, colombianos/as, arxentinos/as, venezolanos/as, uruguaios/as, peruanos/as e bolivianos/as entre outros, conforman a variada procedencia dos/as habitantes de Vigo.

Outro factor que incide na diversidade da cidade de Vigo é o número de linguas que nela se falan: dende o portugués ata o Wolof, atopámonos con diversidade de linguas usadas de modo habitual por unha banda dos habitantes de Vigo: romanés, inglés, italiano, ruso, árabe ou chinés.

Outro elemento que nos indica que a sociedade viguesa se está conformando aos poucos como unha sociedade cultural e etnicamente diversa é a presenza nos centros escolares de alumnado de moi diversa orixe, supondo para o sistema educativo, tamén un importante reto, ao asumir a xestión desa nova diversidade.

Durante o curso 2007/2008 a matrícula de alumnado estranxeiro nos centros de primaria e secundaria de Vigo alcanzaba a cifra de 1.930, que aínda que non é unha cifra moi alta, si que supón a presenza de alumnos e alumnas de distinta orixe nos centros escolares de Vigo.

Así mesmo, por mor desta realidade aumentaron o número de entidades sociais que traballan no ámbito das migracións e da diversidade cultural, expondo actuacións tanto dende a acollida e o acceso aos recursos como outras de carácter cultural cuxo obxectivo é o da promoción e o desenvolvemento da convivencia intercultural. Entre estas entidades xurdiron tamén varias asociacións de inmigrantes, que se suman ao xa importante tecido social que está directamente traballando no ámbito das migracións. Entre as accións que desenvolven atópanse as seguintes:

- A acollida e a derivación aos recursos
- A asistencia xurídica
- A orientación para o emprego e a inserción laboral
- A educación intercultural
- Actividades interculturais, culturais e deportivas
- A sensibilización
- Tradución e interpretación
- Formación (castelán, galego e formación profesional)
- Traballo en rede



## 1.5. Percepcións sobre a inmigración

- En xeral existe unha percepción xeralizada de que Vigo é unha cidade aberta, que pola súa característica de cidade portuaria e a importancia dos fluxos migratorios no seu desenvolvemento histórico (emigración, retorno, migración interna), axuda á integración das persoas de orixe estranxeira.
- Pártese de considerar que aínda que os fluxos migratorios non son substancialmente significativos, en termos porcentuais respecto ao total da poboación, como noutras cidades, estes incrementáronse considerablemente nos últimos anos, o que posibilita definir políticas públicas locais que tomen en conta a situación específica dos/as inmigrantes.
- Hai consenso en percibir a Vigo como unha cidade cada vez máis diversa e multicultural, e aínda que se recoñece que é un proceso moi recente e que require certa "adaptación" por parte da poboación autóctona, aínda existen estereotipos e prexuízos sobre persoas estranxeiras en función da súa orixe.
- Valórase positivamente que Vigo sexa unha cidade cada vez máis diversa e intercultural, sempre e cando se facilite a integración e se defina sobre a potencialidade que significa que Vigo se converta nesa sociedade multicultural e se desenvolvan programas que eviten a exclusión para, así, garantir unha mellor convivencia.

## 1.6. As necesidades da poboación estranxeira de Vigo

Regularización da situación administrativa e de trámites xurídicos relacionados coa residencia en xeral: arraigamento, reagrupación familiar, etc.

Acceder a unha situación administrativa regular é un elemento que adquire un peso moi importante no proceso de integración xa que o acceso a determinados recursos e axudas depende directamente da posesión ou non dun permiso de residencia.

A irregularidade é, un dos aspectos que se considera cruciais á hora de analizar a situación social dos/as inmigrantes residentes no municipio de Vigo, aspecto este a considerar na medida en que impide unha integración plena.

Se analizamos esta situación por colectivos nacionais, atopámonos con que entre os residentes procedentes de países da África ao sur do Sáhara a irregularidade administrativa ten unha maior incidencia, polo menos segundo a opinión de todos os entrevistados.

Ademais no contexto actual de crise económica estase xerando unha situación preocupante en relación a este tema e tamén vinculada á cuestión do emprego: moitas persoas que si dispoñen dun permiso de traballo, no momento actual de

crise entran en situación de desemprego e, se non cotizan un tempo mínimo poden perder, ou están perdendo xa nalgúns casos, o seu permiso de traballo, pasando novamente dunha situación de regularidade administrativa a unha situación de irregularidade administrativa.

#### *Acceso a recursos.*

Detéctase certa desinformación e descoñecemento en xeral sobre os recursos existentes, as vías de acceso ou a localización dos mesmos. Neste sentido tamén é importante sinalar que se dá un alto descoñecemento dalgúns trámites administrativos en España e en Galicia.

Por outra banda hai que chamar a atención, en relación ao anterior, sobre o feito de que se dan situacións de urxencia, como falta de ingresos para vivenda, alimentación, vestido ou outras que afectan de xeito especial ás persoas de orixe estranxeira. Ademais, na medida en que se descoñecen os recursos e o modo de acceso a eles impiden que se resolvan rapidamente esas situacións.

#### *Acceso ao emprego.*

Esta é sen dúbida unha das necesidades máis claras da poboación estranxeira residente en Vigo dende a perspectiva dos distintos axentes sociais e a partir dos datos sobre emprego e desemprego en Vigo.

Obsérvanse dúas tendencias importantes:

Por mor da segmentación do mercado laboral español a poboación estranxeira, en moitos casos, sitúase en nichos laborais moi concretos e de baixa cualificación e menores salarios.

A dificultade acrecéntase na conxuntura económica actual na que a crise está afectando de xeito importante tamén ao colectivo estranxeiro. A situación de crise actual está afectando a todos os sectores e colectivos, e afecta tamén aos/ás estranxeiros/as de Vigo nos que tamén o desemprego está empezando a ser un obstáculo para a súa inserción no mercado laboral.

Finalmente, tal e como xa se sinalou anteriormente, a porcentaxe de parados estranxeiros na cidade de Vigo é o 5,95% do paro total, o que supón que un 8,6% dos estranxeiros residentes en Vigo se atopan na actualidade en situación de desemprego.

Esta é unha situación que ademais hai que relacionar con outros aspectos: ao non dispor, en moitos casos, de redes sociais e familiares, o desemprego afecta de xeito importante ao nivel de vulnerabilidade e exclusión social da poboación inmigrante. Xa que unha situación prolongada de desemprego ou de emprego pouco cualificado e de salarios baixos dificulta poder cubrir necesidades mínimas como alimentación, aloxamento ou vestido.

#### *Formación e capacitación profesional.*

Esta necesidade maniféstase tamén de xeito repetido e claro, e relacionada coa anterior, dános idea da importancia da inserción laboral como paso necesario para unha total integración na sociedade viguesa.

A formación profesional considérase un área de intervención importante que vai permitir o acceso a empregos de maior cualificación dunha importante parte da poboación estranxeira residente en Vigo.

### *Acceso á vivenda.*

Sen dúbida trátase doutro aspecto de grande incidencia nos procesos de integración. No caso de Vigo sinalanse distintas características que nos levan a situalo como unha das necesidades prioritarias da poboación estranxeira:

- Discriminación no acceso á vivenda de aluguer, que quizais afecte en maior medida a persoas procedentes da África ao sur do Sáhara, Romanía (de etnia xitana) ou Marrocos.
- "Amoreamento" nalgúns casos, o que supón que algunhas familias non poidan dispor dunha vivenda digna e adecuada ás súas necesidades.
- Avais bancarios moi elevados que unha parte dos/as inmigrantes non poden asumir pola ausencia de ingresos ou por dispor de ingresos baixos.

### *Combater a discriminación e a xenofobia.*

A discriminación é sen dúbida outra das cuestións importantes sinaladas polas persoas entrevistadas. Detéctanse diversas situacións de discriminación que requiren unha atención específica:

- \_ en acceso a emprego
- \_ en acceso a vivenda
- \_ nalgunhas institucións públicas (funcionariado do Goberno central)
- \_ en relacións coa sociedade de acollida en xeral (en comunidades de veciños, na escola)

Estigmatizacións que obstaculizan a integración de determinados colectivos: Existen determinados prexuízos e estereotipos con algúns colectivos que nalgúns momentos condicionan a atención recibida, o acceso aos recursos en xeral, o acceso ao emprego ou a vivenda.

Descoñecemento do castelán e o galego. Preséntase como unha das grandes necesidades dos estranxeiros de Vigo procedentes de países de fala non española. Trátase doutro elemento fundamental xa que vai permitir resolver outras cuestións, mellorar as posibilidades de relación e comunicación dos estranxeiros, facilitar o acceso ao emprego e a vivenda e ás diferentes esferas da administración pública: educación, sanidade, servizos sociais, etc.

Fortalecemento organizacional das Asociacións de Inmigrantes. Esta é sen dúbida unha das grandes necesidades detectadas. A maioría das entidades de inmigrantes sinalan dificultades de infraestrutura, financiamento e de capacidade para a elaboración e presentación de proxectos. Neste sentido resulta importante un bo traballo que potencie e fortaleza ás asociacións de inmigrantes como axentes claves na vida social da cidade.

Na medida na que se logre ese fortalecemento as posibilidades de participación social aumentarán. En relación a esta cuestión hai que sinalar que en xeral considerase que existen poucas posibilidades de participación social dos/as inmigrantes e das Asociacións de Inmigrantes.

Especial situación dos emigrantes retornados. Trátase dunha cuestión importante no caso dunha cidade como Vigo xa que, tanto Vigo como a Comunidade Autónoma de Galicia presentan, tanto en termos absolutos como relativos, os índices máis altos de emigrantes retornados/as no conxunto do estado español. É sen dúbida un aspecto fundamental para o desenvolvemento de políticas locais de inmigración.

## 1.7. A Política de Inmigración do Concello de Vigo

A Política Municipal en materia de inmigración do Concello de Vigo depende da Concellería de Benestar Social e está situada na área de Servizos Sociais e especificamente na Liña de Actuación de Minorías Étnicas e Inmigrantes.

Trátase dunha liña de intervención específica, que se foi pondo en marcha ao longo da última década, pero cunha orientación de coordinación con outras liñas e que pretende incidir na necesidade de promoción e integración das persoas estranxeiras empadroadas no municipio de Vigo, desenvolvendo programas de inserción sociolaboral e de promoción da saúde. Ademais, colabórase con diversas entidades que traballan con colectivos de minorías e inmigrantes.

Tres son os servizos específicos que, dende esta liña de actuación implementáronse previamente ao desenvolvemento deste primeiro Plan.

- Oficina de información para persoas estranxeiras: está en funcionamento dende fai 4 anos. Ofrece información no proceso de regularización, reagrupación familiar así como todo tipo de orientacións sobre recursos sociais, educativos, sanitarios, prestacións e para a procura de emprego para inmigrantes e emigrantes retornados/as.
- Programa de Mediación: trátase dun programa moi recente e que está aínda en fase de deseño. O seu obxectivo é aplicar a Metodoloxía da Mediación Social Intercultural en distintos ámbitos: educación, sanidade, muller, servizos sociais e outros.
- Consello das Migracións: é o Consello de Inmigración da Cidade de Vigo e foi creado fai un ano. Trátase dun Consello regulado por un regulamento orgánico e configurado como un Órgano Colexiado de participación cidadá, con carácter consultivo en materia de migracións.
- Ademais destes servizos específicos, dende a área de Servizos Sociais, e dende a perspectiva da atención normalizada, préstase especial atención ás necesidades específicas do colectivo inmigrante na medida en que se trata dun colectivo cun nivel de vulnerabilidade social maior e, con dificultades que requiren intervencións puntuais e específicas.

Neste sentido dende os Servizos Sociais comunitarios básicos do Concello, lévanse a cabo accións dirixidas a abordar situacións de emerxencia a través de axudas económicas para afrontar necesidades básicas de alimentos, vivenda etc. a través de diferentes programas: Axudas municipais escolares de comedor, prestacións de emerxencia etc.



## Metodoloxía na elaboración do Plan

Na elaboración do Plan expúxose un amplo proceso participativo coa finalidade de que o novo Plan poida dar unha resposta eficaz aos retos que a inmigración nos expón. É por iso que se definiu como prioridade dotarse de:

Unha base estatística e documental, para que os servizos que o integren se adecúen á realidade social de Vigo.

Un diagnóstico actualizado sobre a realidade migratoria na cidade de Vigo que inclúa a análise e a percepción que desta teñen os profesionais e os diferentes axentes sociais involucrados na súa xestión, e unha sistematización das accións e propostas de intervención realizadas.

A participación das organizacións e entidades sociais claves e a cidadanía tanto na elaboración do plan como no desenvolvemento do mesmo. Este aspecto é unha peza fundamental que sustenta e dá sentido a un plan que en definitiva trata de lograr a convivencia pacífica de todos os/as cidadáns/as de Vigo.

- O desenvolvemento de mecanismos de avaliación e seguimento que permitan rexistrar os resultados da aplicación dos servizos e adoptar, no caso de que resulte necesario, as medidas correctoras adecuadas.

É por iso que, para a formulación do I Plan de Integración Social, Convivencia Intercultural da cidade de Vigo, desenvolveuse unha estratexia de traballo dividida en tres fases:

- 1ª Deseño e desenvolvemento da metodoloxía participativa: proceso de consulta social. De maio a xullo de 2009.
- 2ª Elaboración do diagnóstico social como punto de partida para a redacción e deseño do Plan. Agosto de 2009.
- 3ª Desenvolvemento dunha metodoloxía de validación das accións propostas inicialmente. Setembro de 2009.

Este proceso buscaba implicar aos axentes sociais para que fosen eles, xunto á Administración, quen deseñasen o modelo de xestión da inmigración da cidade.

Isto supuxo que se realizaron 80 entrevistas a distintas entidades e axentes sociais, e que participaron a través das distintas reunións (Grupos de discusión, Xornadas de Consulta Social e Grupos de validación), 60 persoas (axentes sociais, responsables técnicos e políticos, cidadáns e cidadás de Vigo).

O proceso de elaboración do Plan foi un proceso cun marcado carácter participativo, habéndose implicado no

mesmo ao redor de 120 persoas distintas.

**FASE 1: Deseño e desenvolvemento da metodoloxía participativa: proceso de consulta social.**

Os obxectivos específicos previstos durante a 1ª fase foron:

- Identificar os principais aspectos ou problemas detectados pola cidadanía que a Administración Pública debería tomar en consideración para xestionar adecuadamente a inmigración.
- Identificar e xerarquizar as liñas de actuación e necesidades de servizos detectadas polos actores claves relacionados coa xestión das políticas migratorias.
- Detectar as principais demandas e necesidades definidas pola poboación de orixe estranxeira que non están sendo obxecto da intervención social.
- Priorizar as necesidades en función da súa repercusión na valoración cidadá.

Segundo a metodoloxía pautada para esta fase realizáronse as seguintes actividades:

- 1) Sistematización de datos estatísticos para a elaboración do contexto sociodemográfico do Plan a partir dos datos do Instituto Nacional de Estatística (INE), o Observatorio Permanente da Inmigración do Ministerio de Traballo e Inmigración (OPI), do Padrón Municipal de habitantes de Vigo e do Servizo Galego de Emprego para determinar a distribución da poboación estranxeira na cidade.
- 2) Realización de entrevistas en profundidade aos responsables, profesionais, técnicos e políticos das

diferentes concellarías do Concello de Vigo.

- 3) Realización dun cuestionario e entrevistas con responsables de distintas entidades sociais: as Asociacións de Inmigrantes, Asociacións de Apoio á Inmigración, Sindicatos e ONG.
- 4) Realización de 3 Grupos de discusión, nos cales participaron diferentes cidadáns/ás de Vigo, segundo perfís representativos da nosa sociedade (autóctonos, inmigrantes, retornados, novos, maiores, empregados, estudantes, etc.)
- 5) Realización dunhas Xornadas de Consulta Social, coa participación simultánea das diferentes asociacións de inmigrantes, entidades sociais e personalidades para a presentación e discusión do "pre-diagnóstico" elaborado a partir das entrevistas, cuestionarios e reunións efectuadas coa administración local.

## **FASE 2:** Elaboración do diagnóstico social como punto de partida para a redacción e deseño do Plan.

Os obxectivos específicos da 2ª fase foron:

- Avanzar no diagnóstico do contexto migratorio na cidade de Vigo, a partir da revisión das políticas migratorias do municipio, e a situación do estado da convivencia intercultural na cidade, entre outros.
- Identificar e xerarquizar as liñas de actuación e necesidades de servizos detectadas polos actores claves relacionados coa xestión das políticas migratorias.
- Identificar os principais aspectos ou problemas detectados pola cidadanía que a Administración Pública debería tomar en consideración para xestionar adecuadamente a inmigración.
- Detectar as principais demandas e necesidades definidas pola poboación de orixe estranxeira que non están sendo obxecto da intervención social.
- Priorizar as necesidades en función da súa repercusión na valoración cidadá.

Para o logro de devanditos obxectivos realizáronse unhas xornadas de debate, reflexión e elaboración de propostas, no mes de xullo de 2009, na cal participaron conxuntamente, expertos, profesionais e técnicos, entidades e asociacións de inmigrantes vinculados á análise, execución de programas e actividades relacionadas coa inmigración na cidade de Vigo. A realización destas xornadas

permitted to advance in the integration of the diagnostic, approach of the process of integration and intercultural coexistence existing in Vigo and present a set of recommendations and proposals for its inclusion in the Plan.

The workshops were structured from:

- a) Presentation of the principles, axes and strategic lines that orient the specific objectives of the Plan.
- b) Development of simultaneous working groups linked to the following large intervention areas:

- **Acollida e acceso aos recursos.**
- **Sensibilización e loita contra o racismo e a discriminación.**
- **Participación.**
- **Convivencia intercultural.**

**FASE 3:** Desenvolvemento dunha metodoloxía de validación das accións propostas inicialmente.

The specific objective foreseen for the 3<sup>rd</sup> phase was:

- Review, evaluate and validate the four Areas and the Axes of Intervention, and the services and programs proposed for each of them.

Each validation group worked reviewing the proposals of measures and actions established for each axis of intervention, establishing the pertinence or not of the same with respect to the specific objectives defined for each of the areas.



En resumo, as ferramentas metodolóxicas empregadas para o deseño e elaboración deste I Plan das Migracións e Convivencia de Vigo foron:

- 1) Avaliación cuantitativa e cualitativa de datos e documentación vinculada co Plan.
- 2) Entrevistas en profundidade a funcionarios/as e persoal laboral da área de Servizos Sociais e da Oficina de Inmigración do Concello de Vigo.
- 3) Entrevistas e reunións de traballo e coordinación coa Administración Autonómica, e con diferentes Áreas de Goberno e intervención: concellerías e departamentos do Concello de Vigo.
- 4) Sistematización do diagnóstico e das propostas elaboradas polas entidades e organizacións sociais da cidade de Vigo.
- 5) Reunións grupais cos/as técnicos/as e profesionais das áreas de atención primaria e de igualdade do Concello de Vigo.
- 6) Realización de reunións de validación das medidas de acción propostas durante o proceso de Consulta Social, por parte de diferentes expertos/as e entidades vinculadas á xestión da inmigración na cidade.





## Marco Normativo

O marco normativo das políticas de inmigración e de integración social en España está condicionado polas directrices establecidas a nivel internacional, tanto comunitarias como extracomunitarias, en materia de dereitos humanos, asilo e migración.

No ámbito do dereito internacional son múltiples os tratados e acordos internacionais en relación cos dereitos e liberdades básicas asumidos por España, en conformidade coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948), os Pactos Internacionais de Dereitos Cívís e Políticos e de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais (1996), e os Convenios promovidos pola OIT.

No ámbito europeo, cabe distinguir a produción normativa emanada do Consello de Europa da normativa propia da Unión Europea. Nos últimos anos estas instancias viñeron traballando na formulación dun conxunto de resolucións e recomendacións xerais vinculadas ao ámbito dos dereitos e liberdades públicas, así como no relativo á regulación dos fluxos migratorios e os procesos de integración social dos/as inmigrantes. Entre estas destacan:

- Os Convenios para a Protección dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais (Roma, 1950 e Estraburgo, 1963),
- A Carta Social Europea (Turín, 1961),
- O Tratado da Unión Europea (Maastricht, 1992),
- O acordo de Schengen (1985) que regula a supresión gradual dos controis nas fronteiras comúns, vixente dende 1995, e o
- Tratado de Ámsterdam (1997).

As competencias comunitarias en materia de inmigración e asilo quedaron establecidas co Tratado de Ámsterdam asinado en 1997, en vigor dende o 1 de maio de 1999, o cal estableceu que o Consello adoptaría, por unanimidade, medidas sobre política de inmigración e asilo no prazo máximo de cinco anos, dende a entrada en vigor de devandito tratado.

No Consello Europeo celebrado en Tampere a finais de 1999 fixéronse algunhas liñas directrices da política de inmigración común orientadas a:

- establecer unha adecuada xestión dos fluxos migratorios, e un equilibrio entre os criterios humanitarios e económicos para a admisión,
- o tratamento xusto para os nacionais de terceiros países, co obxectivo de concederlles, na medida do posible, dereitos e obrigacións equivalentes aos nacionais dos países nos que residen,
- o desenvolvemento de acordos de cooperación cos países de orixe favorecendo a participación dos/as inmigrantes no deseño das políticas de integración, e
- o desenvolvemento dun sistema europeo común de asilo.

As directrices establecidas en Tampere foron confirmadas coa adopción, en 2004, do Programa da Haia, que establece un conxunto de obxectivos do que se veu en chamar o espazo común europeo de liberdade, seguridade e xustiza da Unión para o período 2004-2009.

No marco dos programas de Tampere e da Haia, a Unión Europea desenvolveu, un conxunto de directivas que abarcan cuestións moi diversas como a liberdade de movementos e residencia, o dereito a permanecer no territorio doutro Estado membro despois de que remate o emprego, a educación dos fillos/as dos traballadores/as inmigrantes, cuestións de saúde e seguridade dos traballadores/as inmigrantes e o dereito a votar e presentarse ás eleccións doutros Estados membros. Destas directivas destacan:

- Directiva 2000/43/CE relativa á igualdade de trato das persoas independente da súa orixe racial ou étnica.
- Directiva 2000/78/CE, relativa ao establecemento dun marco xeral para a igualdade de trato no emprego.
- Directiva do Consello 40/2001/ CE, de 28 de maio, sobre o recoñecemento mutuo de decisións de expulsión de cidadáns de terceiros países.
- Directiva 2002/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de setembro de 2002, relativa á aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres.
- Directiva do Consello 90/2002/CE, de 28 de novembro, pola que se define a axuda á entrada, á circulación e a estancia de irregulares.
- Directiva do Consello 86/2003/CE, de 22 de setembro, sobre o dereito á reagrupación familiar.

- Directiva do Consello 1009/2003/CE, de 25 de novembro, sobre o estatuto dos nacionais de terceiros países residentes de longa duración.
- Directiva do Consello 114/2004/CE, de 13 de decembro, sobre as condicións de admisión de nacionais de terceiros países a efectos de estudos, intercambio de alumnado, prácticas non remuneradas ou servizos voluntarios.
- Directiva do Consello 71/2005/CE, de 12 de outubro, sobre o procedemento específico de admisión de nacionais de terceiros países a efectos de investigación científica.
- Directiva 2008/115/CE, do Parlamento Europeo e do Consello de 16 de decembro de 2008, relativa a procedementos e normas comúns nos Estados membros para o retorno dos nacionais de terceiros países en situación irregular.

Ademais destas directivas, a Unión Europea ditou múltiples resolucións e decisións vinculadas ao intercambio de información, estatísticas e aspectos financeiros (Fondo Social Europeo e Iniciativa Comunitaria Equal), a fin de mellorar a coordinación entre as políticas de inmigración dos países membros.

No caso español, a Constitución é o punto de partida indiscutible á hora de coñecer o marco de dereitos e obrigacións básicas das persoas inmigrantes, por ser esta a norma fundamental onde se establece a orixe e a fonte de todas as competencias dos poderes públicos e, especificamente, das Administracións Públicas.

No que toca ao dereito da Administración Xeral do Estado, nun referente principal da Constitución española, establécese que son as Administracións Centrais do Estado as encargadas de





lexislar e administrar os ámbitos de nacionalidade, inmigración, emigración, estranxeiría e dereito de asilo, fixando as condicións de acceso, a xestión dos continxentes e os procesos de regularización (Artigo 149.1.2).

A lexislación que regula actualmente a situación das persoas estranxeiras en España é a Lei orgánica 4/2000 de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, que foi modificada posteriormente pola Lei Orgánica 8/2000, de 22 de decembro, pola Lei Orgánica 11/2003 de 29 de setembro e pola Lei Orgánica 14/2003, de 20 de novembro, cuxo Regulamento está establecido polo Real Decreto 2393/2004, de 30 de decembro.

No Título I de devandita Lei establécense os dereitos e liberdades dos/as estranxeiros/as sinalando no artigo 3 da mesma que:

1. Os estranxeiros/as gozarán en España dos dereitos e liberdades recoñecidos no Título I da Constitución nos termos establecidos nos Tratados internacionais, nesta Lei e nos que regulen o exercicio de cada un deles. Como criterio interpretativo xeral, entenderase que os/as estranxeiros/as exercitan os dereitos que lles recoñece esta Lei en condicións de igualdade cos españois.
2. As normas relativas aos dereitos fundamentais dos/as estranxeiros/as interpretaranse de conformidade coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos e cos Tratados e Acordos internacionais sobre as mesmas materias vixentes en España, sen que poida alegarse a profesión de crenzas relixiosas ou conviccións ideolóxicas ou culturais de signo diverso para xustificar a realización de actos ou condutas contrarios ás mesmas. Nos preceptos posteriores concréntanse estes acordos:

A propia Constitución sinala ademais, no seu artigo 148 (apartados 1.17 e 1.20, 1.21), a reserva para as Comunidades Autónomas de competencias concretas como son a cultura, asistencia social e sanidade, ademais de remitir aos Estatutos de Autonomía competencias similares noutros ámbitos do benestar (educación, traballo, vivenda, entre outros).

No caso de Galicia, a normativa autonómica ten o seu asento no Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril), onde se marcan as competencias da Secretaría Xeral de Emigración, que depende funcionalmente da Presidencia da Xunta de Galicia e organicamente da Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Conta con cinco subdireccións xerais, das cales destacan, polas súas competencias en materia de inmigración, a Subdirección Xeral de Planificación das Políticas de Retorno e de Inmigración e a Subdirección Xeral de Xestión das Políticas de Retorno e a Inmigración.

A Secretaría Xeral de Emigración desenvolveu o Plan Galego de Cidadanía, Convivencia e Integración 2008/2011, aprobado o 7 de febreiro de 2008, e que como sinalamos anteriormente serviu de marco de referencia a este I Plan das Migracións e Convivencia Intercultural de Vigo.

A referencia normativa no ámbito local é a establecida pola Lei 5/ 1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

## COMPETENCIAS DAS ENTIDADES LOCAIS EN MATERIA DE INMIGRACIÓN:

Son varios os niveis das administracións públicas con incidencia na acción pública referida á inmigración.

Dunha parte, existe unha crecente importancia das políticas comúns europeas na materia.

Doutra parte, de acordo ao establecido na Constitución, o Estado ten a exclusividade competencial no relativo á nacionalidade, estranxeiría, emigración, inmigración e dereito de asilo. A acción normativa estatal dirixese á fixación das condicións de acceso, a xestión dos continxentes e dos procesos de regularización. A acción estatal normativa marca as pautas que han seguir as comunidades autónomas nas políticas de integración.



As comunidades autónomas están habilitadas, sempre en sentido positivo e complementario á acción do Estado, para legislar e levar a cabo accións para desenvolver a política de integración social das persoas inmigrantes. O concepto de integración social das persoas inmigrantes abarca unha serie de dimensións relacionadas co exercicio dun conxunto de dereitos civís, económicos, sociais e culturais. Estes dereitos afectan aos diversos ámbitos competenciais e sectoriais como son educación, cultura e formación, sanidade, vivenda e benestar social, todos eles competencia, exclusiva e compartida da Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no mesmo estatuto de Autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril).

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establece como competencia básica das administracións locais servir aos intereses públicos de acordo cos principios de eficacia e servizo aos/ás cidadáns/ás. No seu artigo 57 establece os dereitos e deberes dos veciños e veciñas, entre os que figuran:

- A inscrición dos/as estranxeiros/as no padrón municipal non constituirá proba da súa residencia legal en España nin lles atribuirá ningún dereito que non lles confira a lexislación vixente, especialmente en materia de dereitos e liberdades dos/as estranxeiros/as en España.

Os/as estranxeiros/as menores de idade emancipados ou xuridicamente habilitados terán os mesmos dereitos e deberes cos/as veciños/as, fóra dos de carácter político.

O municipio poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.



As materias recollidas no capítulo IV: Competencias (art. 80), non especifican unha política de integración, pero si multitude de ámbitos que cumpren un papel nesta:

- A seguridade nos lugares públicos.
- A promoción e xestión das vivendas.
- Os abastos, matadoiros, feiras, mercados e a defensa dos usuarios e consumidores.
- A protección da salubridade pública.
- A participación na xestión da atención primaria en saúde.
- Os cemiterios e servizos funerarios.
- A prestación dos servizos sociais e a promoción e reinserción sociais.
- O transporte público de viaxeiros.
- As actividades de instalacións culturais e deportivas.
- A participación na programación da educación, a intervención nos órganos de xestión dos centros docentes e a participación na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria.
- A execución de programas propios destinados á infancia, mocidade, muller e terceira idade.
- A participación na formación de activos e desempregados.

Concretamente, as competencias en materia de servizos sociais están establecidas nos artigos 80.2.k e 81.c da Lei de administración local de Galicia. Seguindo esta norma, o punto que fai referencia ás persoas inmigrantes, xustifica o deseño e desenvolvemento de programas locais de integración, de acordo co principio de descentralización, e a coordinación coas políticas sociais autonómicas e estatais.

Así mesmo, na sección 3, artigo 86, sinálase que os municipios poden exercer actividades complementarias ás doutras administracións públicas, en particular, as relativas a educación, cultura, mocidade e o deporte; a promoción da muller, a vivenda, a atención primaria e saúde, a ocupación e a loita contra o paro; os arquivos, museos, conservación de música e centros de belas artes, o fomento das estruturas agrarias e a prestación de servizos de interese público agrario e a protección do medio.

Como se desprende do exposto, os gobernos locais dispoñen dun ámbito competencial para levar a cabo actuacións en materia de inmigración. A modo de conclusión, o elenco competencial pode sistematizarse do seguinte xeito:



- A lexislación estatal en materia de estranxeiría atribúelles funcións específicas aos municipios (arts. 42.2 e) e 45.2 b) do Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 4/2000).
- A lexislación estatal en materia de réxime local (arts. 25 e 26 LBRL) outórgalles igualmente aos municipios competencias en materia de servizos sociais (materia na que se encadran as accións a favor da integración de inmigrantes).
- A lexislación autonómica en materia de réxime local e de servizos sociais que lles atribúen aos municipios amplas facultades en materia de servizos sociais.

Configúrase así unha repartición competencial en materia de inmigración que pon de relevo a importancia da interrelación, coordinación e corresponsabilidade entre os ámbitos internacional e europeo, estatal, autonómico e local na xestión das políticas de inmigración.





## Marco conceptual

### 4.1. Os principios reitores do plan

Premisas que orientan a formulación do plan:

O presente plan establece o marco para a integración das persoas inmigrantes na sociedade viguesa, dándolles un carácter integral ás políticas de inmigración desenvolvidas pola Xunta de Galicia. A súa elaboración está inspirada polos principios reitores que se establecen no Plan estratéxico de cidadanía e integración presentado pola Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración do Ministerio de Trabajo e Inmigración e os expostos polo Plan Galego de Cidadanía, Convivencia e Integración (2008-2011) da Xunta de Galicia.

O I Plan das Migracións e Convivencia Intercultural de Vigo parte das premisas que orientaron a formulación dos plans en materia de inmigración definidos no ámbito estatal e autonómico, que son as seguintes:

1. A concepción da integración como un proceso bidireccional, de adaptación mutua.

2. A convicción de que a responsabilidade do proceso de integración e da xestión deste debe ser compartida polas mesmas administracións, os actores sociais, con inclusión da poboación inmigrada, e o conxunto da sociedade.
3. A concepción do plan como un marco de cooperación capaz de dinamizar políticas, aglutinar iniciativas e dotar de coherencia ás actuacións tanto do sector público como da sociedade civil.
4. A necesidade de adoptar un enfoque integral ou global, tanto polo que respecta ás políticas de inmigración como ás de integración da poboación inmigrada.
5. A idea de que as políticas de integración diríxense á cidadanía no seu conxunto, e que as actuacións públicas deben ir orientadas a promover e garantir o acceso normalizado da poboación inmigrada aos servizos públicos e privados de carácter xeral.
6. A incorporación transversal das cuestións relativas á integración da poboación inmigrada a todas as políticas públicas relevantes para este efecto.

## 4.2 Principios políticos e marco conceptual do plan:

O plan de Vigo asume os principios políticos establecidos tanto polo plan estatal, como polo plan de Galicia. Os tres principios políticos que orientan o I Plan de Integración Social, Convivencia Intercultural e Cidadanía de Vigo son:

1. O principio de igualdade e non discriminación, que implica a equiparación de dereitos e obrigas da poboación inmigrada e autóctona, dentro do marco dos valores constitucionais básicos. Implica a posta en marcha de mecanismos que permitan o acceso das persoas

inmigrantes, como do resto da poboación, aos servizos normalizados.

2. O principio de cidadanía, que implica o recoñecemento da plena participación cívica, social, económica, cultural e política dos cidadáns e cidadás inmigrantes.
3. O principio de interculturalidade, como mecanismo de interacción entre as persoas de distintas orixes e culturas, dentro da valoración e o respecto da diversidade cultural.

Os conceptos que fundamentan estes principios son:

### CIDADANÍA

Seguindo a comunicación de novembro de 2000 da Comisión Europea enténdese por "cidadanía cívica" un conxunto de dereitos e obrigas cívicas, sociais, económicas e culturais dos/as inmigrantes, que dan lugar á igualdade de trato e de oportunidades entre a poboación inmigrante e autóctona e o recoñecemento de dereitos de participación na vida pública.

Para lograr a integración efectiva de todas as persoas é imprescindible partir do recoñecemento dos dereitos humanos de todas elas en igualdade de condicións. Independentemente de que o seu estado xurídico poida ser diferente, todas as persoas son iguais e teñen a mesma dignidade.

Alcanzar este obxectivo, comprende ademais, promover a participación cívica, económica, social, cultural e política de todas as persoas, e abrir canles de participación na xestión dos asuntos públicos.

### IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E TRATO

Entendido como o principio básico da plena equiparación e acceso aos dereitos e deberes xurídicos, civís, sociais,



económicos e culturais de todas as persoas residentes na cidade dende unha concepción de cidadanía inclusiva. Todo iso, nun contexto de liberdade, promoción social e corresponsabilidade cidadá, que atenda de xeito explícito á perspectiva de xénero en todas as medidas de acción do plan.

Mediante este principio preténdese establecer os mecanismos para que os/as inmigrantes accedan, en igualdade de condicións, ás mesmas oportunidades que o resto da cidadanía de Vigo. Para iso hai que salvar as barreiras que dificultan este acceso. O acceso ás mesmas oportunidades evita as quebras sociais e a discriminación, desenvolvendo o sentido de pertenza.



## INTEGRACIÓN

A integración supón a incorporación plena e libre dos/as inmigrantes na sociedade. A integración implica un proceso social dinámico, prolongado no tempo que ten que ser continuamente reproducido e renovado (Cachón, L. 2007). Non implica asimilación, senón que fai referencia ao esforzo bidireccional de adaptación que involucra aos/ás novos/as residentes e á poboación autóctona. Implica a incorporación plena e libre dos/as inmigrantes á sociedade, a súa inclusión en igualdade de dereitos, a asunción de deberes e responsabilidades e o desenvolvemento de oportunidades.

Dende esa perspectiva o proceso de integración convértese en elemento chave á hora de definir as políticas de intervención orientadas a garantir a acollida, a información, facilitar a inserción laboral, a asistencia xurídica, e a prestación de servizos sociais, entre outras.

A integración foi e é un concepto chave nas políticas públicas vinculadas á inmigración e de feito, converteuse en eixo central e vertebrador da planificación social. Garda relación coa convivencia na medida que supón interacción social, pero queda limitado cando é equiparado á "adaptación" ou á "asimilación", pois a interacción involucra procesos de interrelación multiculturais complexos e diversos. É por iso que o concepto de integración articulámolo co de convivencia intercultural e co de cidadanía.

## CONVIVENCIA INTERCULTURAL

Convivir significa vivir en compañía doutros, entendendo "en compañía" non só estar ao mesmo tempo no mesmo lugar, senón unha interacción, que se manifesta nun compartir

aspectos da vida cotiá en canto a intereses, inquedanzas, problemas, solucións, expectativas, usos do espazo, servizos, comunicación, axuda mutua, etc. Este compartir non significa ausencia de conflitos, senón que as diferenzas posibles en calquera interacción social poidan xestionarse de xeito pacífico e sen que se produzan rupturas sociais.

A convivencia implica relación, recoñecemento do outro, implica respecto, aceptación do diverxente, ata do oposto. Esixe adaptación mutua ou cando menos flexibilidade e tolerancia fronte ao diverso (Giménez, C. 2006).

A convivencia intercultural recrea a interacción de dúas ou máis identidades que descubríndose e recoñecéndose reciprocamente produtoras de sentido, intentan converterse en complementarias e non antagonistas e intentan unha procura para producir mañá un sentido común (Duccoli, B.).

O concepto de convivencia intercultural permite entender que o proceso de interacción social non é só bidireccional, senón que implica o recoñecemento da existencia de colectivos diferenciados actuando simultaneamente. En Vigo residen persoas de máis de 120 nacionalidades diferentes, unha diversidade cultural que require un deseño de políticas que favorezan a integración, pero sobre todo o recoñecemento recíproco, e que a convivencia non sexa mera tolerancia ou coexistencia sen diálogo nin interrelación.

### 4.3. Principios estratéxicos e operativos

O plan estrutúrase ao redor dos seguintes principios operativos:

**1. Integralidade:** a inmigración é un feito estrutural, complexo e variable tanto espacial como temporalmente, polo que é necesario contextualizar o proceso migratorio tendo presente as súas connotacións tanto para a poboación autóctona como para a poboación inmigrante. Así como a integración social dificilmente pode darse sen a consecución da inserción laboral, en moitos casos tampouco é posible alcanzar a inserción laboral sen a posta en práctica de medidas de acompañamento social. A partir desta perspectiva deben articularse unha serie de medidas de carácter integral que posibiliten unha maior autonomía das persoas e incorporen as diferentes dimensións do proceso de integración e de participación cívica.

**2. Normalización:** O principio de normalización comporta que as persoas inmigrantes accedan aos servizos e programas polas canles normalmente utilizadas polo conxunto da poboación, evitando situacións de segregación que puidesen xurdir da creación de estruturas paralelas. Este principio non elude a creación de servizos específicos ou de programas concretos, cando o requira algunha das fases do proceso de integración, a fin de atender de xeito diferenciado aquelas situacións que o precisen de xeito temporal ou transitorio.

**3. Coordinación e transversalidade:** será necesario ter en conta a participación de todas e cada unha das áreas de actuación municipal, procurando a participación de todos os departamentos implicados para desenvolver os obxectivos formulados polo plan, promovendo unha actuación

coordinada nas diferentes áreas: servizos sociais, vivenda, emprego, igualdade, educación, etc. Así mesmo requirese a coordinación e transversalidade das actuacións con outras instancias, tanto públicas como privadas, particularmente coas administracións central e autonómica.

**4. Corresponsabilidade:** a administración establecerá as actuacións que considere pertinentes no marco das competencias correspondentes, todo iso sen menoscabo das actuacións que se desenvolvan a cargo doutros sectores da sociedade civil.

**5. Participación:** xunto ao papel que xoga a administración local é fundamental a participación dos propios/as inmigrantes e as súas organizacións, fomentando a súa vertebración como instrumento de comunicación e participación. É necesario crear canles de representación destes colectivos e asegurar a súa presenza nas organizacións sociais. A participación implica tamén involucrar aos diferentes axentes, entidades e institucións sociais que participen como actores cualificados na elaboración, execución e seguimento das actuacións programadas polo plan.

**6. Flexibilidade:** para garantir unha adecuación completa do plan á realidade da cidade de Vigo este ten que partir tamén deste principio de flexibilidade, de xeito que se asegure o seguimento de cada unha das medidas do plan e o seu alcance, e poder así, reformular todos aqueles aspectos que requiran cambios de cara a mellorar a efectividade do Plan.

# 5

## Marco de actuación

### 5.1 Estrutura do plan

O I Plan das Migracións e Convivencia Intercultural de Vigo que aquí se presenta recolle a política de inmigración deste concello e todas as medidas conducentes á integración social da poboación inmigrante residente en Vigo e ao desenvolvemento dunha sociedade intercultural, cohesionada e respectuosa coas diferenzas étnico-culturais.

Para iso este plan vértébrase en cinco grandes eixos de actuación, dentro dos cales se definen 14 liñas de intervención estruturadas a partir de 19 medidas concretas.

### 5.2 Obxectivos do plan

O I Plan das Migracións e Convivencia Intercultural de Vigo parte de tres obxectivos básicos que son:

**1. A adecuación da acción municipal á nova realidade da cidade de Vigo;** realidade caracterizada por unha cada vez maior presenza de persoas procedentes doutros países e culturas. Persoas inmigrantes e emigrantes retornadas que elixiron Vigo como cidade na que fixar a súa residencia.





**2. Propiciar a integración social e económica das persoas inmigrantes e emigrantes retornadas** que viven en Vigo, garantindo a igualdade de oportunidades de todas elas e en todos os ámbitos.

**3. Contribuír á creación dunha nova sociedade en Vigo**, unha sociedade que estea caracterizada pola diversidade cultural e social, polo respecto a esa diversidade, polo desenvolvemento de relacións de convivencia pacífica, aspectos todos eles que permitan a creación dunha cidade onde a convivencia intercultural sexa un dos principios e normas básicas de actuación.

A partir destes obxectivos básicos artículanse os obxectivos xerais deste plan:

- 1) Garantir o acceso das e dos/as inmigrantes aos servizos municipais e a todos os servizos da cidade en igualdade de condicións coa poboación autónoma.
- 2) Adecuar a intervención social ás novas necesidades que orixina a presenza de poboación estranxeira na cidade de Vigo incorporando á xestión local as competencias interculturais necesarias.
- 3) Establecer un sistema de acollida aos novos/as inmigrantes e aos/ás que se atopan en situación de especial vulnerabilidade, ata que se encontren en condicións de acceder aos servizos públicos xerais.
- 4) Loitar contra as diversas manifestacións da discriminación, o racismo, a xenofobia e outras formas de intolerancia en todos os campos da vida social, tanto no ámbito público coma no privado.
- 5) Establecer mecanismos para o coñecemento da realidade da inmigración e da súa xestión, así como para a formación de profesionais relacionados co ámbito.



### 5.3. Eixos de actuación: liñas de intervención e accións (programas ou medidas)

#### **Eixo 1: acollida e acceso aos recursos**

A realidade social de Vigo está marcada pola presenza de persoas procedentes doutros países, inmigrantes e emigrantes retornados/as. No seu proceso de integración ámbolos dous colectivos teñen que alcanzar diferentes metas relacionadas coa inserción social e económica nesta cidade.

Regularizar a situación administrativa, acceder a un emprego e vivenda de modo que se garanta unha vida digna persoal e da familia, a escolarización dos/as menores, o acceso ao servizo de saúde e moitos outros aspectos forman parte do momento inicial do asentamento na sociedade de acollida.

O descoñecemento da nova sociedade, dos servizos existentes e dos trámites necesarios para acceder ás diferentes esferas da administración pública como son a sanidade, os servizos sociais, a educación ou o emprego expoñen a necesidade de definir unha política de acollida inicial que apoie de xeito íntegro aos/ás residentes de orixe estranxeira (inmigrantes e emigrantes retornados/as) no seu proceso de asentamento en Vigo.

É este o motivo polo que é un dos catros eixos que conforman este plan municipal.

#### **OBXECTIVOS**

**Obxectivo xeral:** favorecer a integración da poboación estranxeira e os/as emigrantes retornados/as residentes na cidade de Vigo, e garantir o seu acceso ao sistema de servizos sociais e outros recursos en igualdade de condicións.

## Obxectivos específicos:

- Obxectivo 1:** Ofrecer unha acollida integral á poboación estranxeira e emigrantes retornados/as que elixiron Vigo como cidade para residir, proporcionando unha atención completa ao conxunto de necesidades básicas na acollida inicial.
- Obxectivo 2:** Ofrecer información á poboación estranxeira e emigrantes retornados/as sobre os distintos recursos da cidade.
- Obxectivo 3:** Ofrecer información á poboación estranxeira e emigrantes retornados/as sobre os distintos trámites a realizar para a súa localización en Vigo.
- Obxectivo 4:** Garantir o acceso da poboación estranxeira e emigrantes retornados/as ás diferentes prestacións sociais do Concello de Vigo.
- Obxectivo 5:** Apoiar á poboación estranxeira e emigrantes retornados/as no acceso á vivenda e o emprego en igualdade de condicións.

## LIÑAS DE INTERVENCIÓN:

- 1. Primeira acollida.** Nesta liña ofrecerase información sobre recursos da cidade, sobre trámites de diversa índole: escolarización, vivenda, acceso a servizo público de saúde, acceso a servizos sociais e outros trámites habituais e información sobre as distintas prestacións sociais ás que se poida acceder para aquelas persoas que o requiran.
- 2. Orientación xurídica.** Con esta liña facilitarase orientación xurídica para todos os trámites relacionados con estranxeiría e aqueles que afecten aos/ás emigrantes retornados/as no seu proceso de retorno.
- 3. Orientación laboral e procura de emprego.** Esta liña pretende ofrecer apoio para o acceso ao emprego: orientación laboral, formación e capacitación profesional, información sobre os distintos servizos de apoio ao emprego tanto públicos como privados.
- 4. Orientación en materia de vivenda.** Esta liña propónse ofrecer información, asesoramento e intermediación para o acceso á vivenda á poboación estranxeira e inmigrantes retornados/as.

## PROGRAMAS-ACCIÓNS

### MEDIDA 1: PROGRAMA DE BENVIDA E PRIMEIRA ACOLLIDA OFICINA MUNICIPAL DAS MIGRACIÓNS

#### FUNDAMENTACIÓN

A chegada nos últimos anos de persoas procedentes doutros continentes (inmigrantes ou emigrantes retornados/as) supuxo a necesidade de implementar servizos de información e acollida que permitan orientar ás persoas no seu proceso de asentamento en Vigo.

#### DEFINICIÓN

Servizo específico comunitario da Concellería de Benestar Social de Atención e Acollida destinado aos/ás estranxeiros/as e emigrantes retornados/as que por ser recentemente chegados/as ou por necesitar resolver algún trámite requiren desta acollida independentemente do seu período de residencia na cidade.

Servizo de Información de carácter integral que ofrece toda a información xeral demandada por parte das e dos usuarios sobre as distintas esferas da administración pública (Servizos Sociais, Educación, Sanidade, entre outras) e das entidades que traballan no ámbito das migracións.

Servizo de Intervención, a través do asesoramento e apoio xurídico, asesoramento e apoio en procura de emprego, asesoramento e apoio en formación laboral e outros.

Servizo de apoio aos/ás profesionais dos distintos ámbitos: educación, sanidade, servizos municipais, etc.

<p><b>OBXECTIVOS</b></p>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Ofrecer unha acollida inicial e integral aos/ás cidadáns de orixe estranxeira e emigrantes retornados/as.</li><li>• Ofrecer información sobre trámites de diversa índole relacionados con estranxeiría.</li><li>• Información sobre acceso a recursos sociais, sanitarios, educativos, tanto públicos como privados etc.</li><li>• Asistencia xurídica: elaboración de informes de arraigamento e reagrupación familiar.</li><li>• Orientación laboral.</li><li>• Ofrecer información sobre prestacións sociais.</li><li>• Facer seguimento dos casos atendidos.</li><li>• Apoiar aos/ás profesionais que interveñen con poboación inmigrante ou retornada.</li><li>• Derivar a distintos servizos municipais ou non, Servizos Sociais, emprego, educación, sanidade, etc.</li></ul>
<p><b>EIXO/S DE ACTUACIÓN NO/S QUE SE INSERTA/N</b></p>	<p>Eixo 1: acollida, información e acceso aos recursos.</p>
<p><b>LIÑA DE INTERVENCIÓN</b></p>	<p>Liñas 1, 2 e 3.</p>
<p><b>METODOLOXÍA</b></p>	<p>A oficina fai uso da metodoloxía do traballo social e a asistencia xurídica: atención, información, orientación, acompañamento, etc.</p>

<b>METODOLOXÍA</b>	<p>Esta metodoloxía aplícase dende a dobre perspectiva da atención normalizada e a atención específica: tendo en conta que crear compartimentos estancos non axuda á integración que desexamos e que nos beneficia a todos, pero que sen obviar esta perspectiva de atención normalizada, tense en conta a especificidade do colectivo de atención, sobre todo nas súas primeiras fases de asentamento na sociedade de Vigo require dun apoio social moi concreto que lle permita ir orientando o seu proceso de integración.</p> <p>Dende este servizo coordínanse todas as actuacións vinculadas coa atención dos/as inmigrantes e os retornados/as, garantindo a transversalidade das accións que se realizan entre a administración local e as entidades sociais involucradas na súa xestión.</p>
<b>TRANSVERSALIDADE</b>	Coordinación con distintas áreas municipais: Servizos Sociais, Familia e Infancia, Participación e Emprego, Igualdade, Educación, Cultura, Normalización Lingüística e Mocidade.
<b>COLECTIVOS IMPLICADOS</b>	Emigrantes retornados/as e inmigrantes.
<b>POSTA EN MARCHA</b>	Ano 2005.
<b>FONTE DE FINANCIACIÓN</b>	Servizo co-financiado polo Concello de Vigo e a Xunta de Galicia.
<b>ENDEREZO WEB</b>	<a href="http://www.vigo.org">www.vigo.org</a> .



## MEDIDA 2: SERVIZO DE APOIO AO EMPREGO

### FUNDAMENTACIÓN

Unha das grandes dificultades detectadas entre a poboación estranxeira residente en Vigo é sen dúbida o acceso ao emprego.

Se analizamos a incorporación das e dos/as inmigrantes ao mercado laboral en Vigo observamos dúas tendencias claras:

- por mor da segmentación do mercado laboral español a poboación estranxeira, en moitos casos, sitúase en nichos laborais moi concretos e de baixa cualificación e menores salarios: servizo doméstico, labores relacionados coa pesca e venda ambulante.
- alta presenza de estranxeiros/as en sectores da economía mergullada: venda ambulante, hostalaría ou outro.
- esta dificultade acrecéntase na conxuntura económica actual na que a crise está afectando de xeito importante tamén ao colectivo estranxeiro.

A data 1 de setembro ao redor dun 9% das e dos estranxeiros/as residentes no municipio de Vigo están en situación de desemprego.

Esta é unha situación que ademais hai que relacionar con outros aspectos: ao non dispor, nalgúns casos, de redes sociais e familiares, o desemprego afecta de xeito importante ao nivel de vulnerabilidade e exclusión social da poboación migrante. Xa que unha situación prolongada de desemprego ou de emprego pouco cualificado e de salarios baixos dificulta poder cubrir necesidades mínimas como alimentación, aloxamento ou vestido.



## FUNDAMENTACIÓN

Por outra banda tamén hai que considerar unha característica moi particular da realidade migratoria viguesa como é a chegada de emigrantes retornados/as que, ao tratarse de persoas que chegan nunha franxa de idade que en moitos casos, supón unha dificultade para a súa incorporación ao mercado laboral, é o acceso ao emprego unha das súas necesidades prioritarias.

Vinculada á cuestión do acceso ao emprego atopámonos con outra necesidade da poboación migrante de Vigo como é a formación e capacitación profesional que permita unha inserción laboral de calidade das persoas estranxeiras e os/as emigrantes retornados/as, na medida en que permita a incorporación a empregos de maior cualificación.

Estes aspectos dannos idea da importancia da inserción laboral como paso necesario para unha total integración na sociedade viguesa.

## DEFINICIÓN

Servizo de apoio ao emprego que contempla as seguintes accións:

- orientación laboral.
- formación e capacitación profesional a través de distintos cursos e obradoiros de emprego.
- axuda na procura de emprego.
- orientación profesional.
- derivación a recursos públicos e privados de procura de emprego.
- intermediación laboral.

<p><b>OBXECTIVOS</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Contribuír á capacitación profesional e a inserción laboral da poboación de orixe estranxeira e emigrantes retornados/as residentes en Vigo.</li> <li>• Activar iniciativas que favorezan a promoción laboral que facilite o acceso a empregos de maior cualificación e condicións máis beneficiosas.</li> </ul>
<p><b>EIXO/S DE ACTUACIÓN NO/S QUE SE INSERTA/N</b></p>	<p>Eixo 1: acollida, información e acceso aos recursos.</p>
<p><b>LIÑA DE INTERVENCIÓN</b></p>	<p>Liña 3.</p>
<p><b>METODOLOXÍA</b></p>	<p>A metodoloxía utilizada neste servizo é a da formación e orientación laboral, baseada no deseño de itinerarios de inserción individualizados e no desenvolvemento das capacidades propias das persoas que recorren a este servizo.</p>
<p><b>TRANSVERSALIDADE</b></p>	<p>Concellaría de Emprego en coordinación con distintas áreas municipais como servizos sociais.</p>
<p><b>COLECTIVOS IMPLICADOS</b></p>	<p>Imigrantes e emigrantes retornados/as.</p>
<p><b>ENDEREZO WEB</b></p>	<p><a href="http://www.vigo.org">www.vigo.org</a>.</p>





## MEDIDA 3: SERVIZO DE APOIO Á VIVENDA

### FUNDAMENTACIÓN

O acceso á vivenda é unha necesidade compartida por todas as persoas e familias, aínda que se trata dunha necesidade que se presenta cada vez máis entre a poboación estranxeira residente na cidade de Vigo, xa que se detecta certa dificultade neste sentido debido a diferentes motivos:

- carencia de recursos económicos que permitan acceder a unha vivenda digna polos altos prezos da vivenda en propiedade e/ou alugueiro e avais moi elevados que unha parte dos/as inmigrantes non poden asumir pola ausencia de ingresos ou por dispor de ingresos baixos.
- carencia de redes sociais.
- discriminación no acceso a vivenda de alugueiro, que afecta en maior media ás persoas procedentes da África ao sur do Sáhara, Marrocos ou Romanía, na nosa cidade.
- aglomeración nalgúns casos, o que supón que moitas familias non poidan dispor dunha vivenda digna e adecuada ás súas necesidades.
- exceso de persoas empadroadas nun mesmo domicilio aínda que non residan nel, que impide ás persoas que si residen poder terminar con éxito procesos de reagrupación familiar ou de arraigamento de menores.

Atopámonos ante outro aspecto de gran incidencia nos procesos de integración, que por estas características nomeadas lévannos a situalo como unha das necesidades prioritarias da poboación estranxeira.



## DEFINICIÓN

Servizo integral de apoio na procura e acceso a unha vivenda digna á poboación de orixe estranxeira. A través de cinco programas:

1. Programa de intermediación entre propietarios e inmigrantes para vivenda de aluguer.
2. Programa de aloxamento para familias en pisos de acollida (estadías dun ano, para familias nucleares coas que se iniciará unha intervención global que abarque todos os aspectos que rodeen á persoa inmigrante e á súa familia).
3. Programa de axuda ao alugueiro para inmigrantes (en función dos ingresos).
4. Programa de aloxamento de urxencia (máximo tres meses de estadía).
5. Programa de sensibilización a arrendadores/as e arrendatarios/as.

## OBXECTIVOS

- Garantir o acceso a unha vivenda digna en igualdade de condicións da poboación.
- Apoiar e orientar na procura de vivenda.
- Ofrecer unha intermediación entre propietarios/as e inmigrantes.

<b>EIXO/S DE ACTUACIÓN NO/S QUE SE INSERTA/N</b>	Eixo 1: acollida e acceso aos recursos.
<b>LIÑA DE INTERVENCIÓN</b>	Liña 4.
<b>METODOLOXÍA</b>	<p>Deseñar un formulario que recolla os datos fundamentais sobre a situación real da persoa ou familia demandante para coñecer a súa situación real, as posibilidades de intervención e facer o seguimento.</p> <p>Establecer un "protocolo de actuación" o cal, a partir da avaliación socioeconómica da persoa e/ou familia, permita a derivación dos casos aos programas existentes.</p>
<b>TRANSVERSALIDADE</b>	Área de Vivenda en coordinación con Servizos Sociais e Emprego.
<b>COLECTIVOS IMPLICADOS</b>	Persoas de orixe estranxeira.
<b>ENDEREZO WEB</b>	<a href="http://www.vigo.org">www.vigo.org</a> .



## MEDIDA 4: CONVENIOS CON ENTIDADES SOCIAIS

### FUNDAMENTACIÓN

A presenza dunha diversidade étnico-cultural cada vez máis clara na cidade de Vigo supón grandes retos para a administración municipal e a existencia de programas e servizos cada vez máis adecuados á nova realidade.

Á súa vez neste contexto existen diversas entidades sociais que traballan directamente no ámbito da inmigración.

Dende a perspectiva da política municipal e para asegurar o éxito dunha política pública de inmigración, a corresponsabilidade entre administración e sociedade civil organizada é un dos elementos esenciais (gobernanza). E nese sentido a participación das entidades de modo coordinado coa administración municipal é unha das características definitorias deste plan.

### DEFINICIÓN

Desenvolvemento de convenios con entidades sociais para a posta en marcha de programas nos seguintes ámbitos:

- integración social de estranxeiros/as e emigrantes retornados/as (en diferentes esferas: educación, saúde, acceso a recursos, emprego, vivenda).
- convivencia intercultural.
- loita contra o racismo.
- sensibilización.
- outros que veñan determinados por unha análise da realidade de forma continuada.

<b>OBXECTIVOS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Potenciar a corresponsabilidade entre a Administración Municipal e a sociedade civil, organizada na xestión da inmigración.</li></ul>
<b>EIXO/S DE ACTUACIÓN NO/S QUE SE INSERTA/N</b>	Eixo 1: acollida. Eixo 2: sensibilización. Eixo 3: convivencia. Eixo 4: participación.
<b>LIÑA DE INTERVENCIÓN</b>	Todas.
<b>METODOLOXÍA</b>	<p>A metodoloxía desta medida é a da gobernanza concibida como incorporación na xestión pública e nos procesos de toma de decisións dos principios de apertura, participación e responsabilidade, ademais dos principios de bo goberno como eficacia e coherencia.</p> <p>A responsabilidade dentro da gobernanza esixe clarificar o papel de cada parte dentro do proceso de integración e da formulación e execución das políticas, e a cooperación entre administracións públicas coa sociedade civil organizada.</p>
<b>TRANSVERSALIDADE</b>	Implica a diferentes concellarías: Emprego, Vivenda, Igualdade, Participación, Mocidade, Festexos, Educación (en función do programa que se vaia a xestionar).
<b>COLECTIVOS IMPLICADOS</b>	Cidadanía de Vigo.
<b>ENDEREZO WEB</b>	<a href="http://www.vigo.org">www.vigo.org</a> .



## MEDIDA 5: GUÍA DE INFORMACIÓN PARA A INTEGRACIÓN E A CONVIVENCIA INTERCULTURAL DE VIGO

### FUNDAMENTACIÓN

Ofrecer unha información adecuada e completa ás persoas inmigrantes e emigrantes retornados é unha prioridade clara na definición da política de inmigración do Concello de Vigo.

Por este motivo ademais dos distintos servizos de atención e información faise necesario a elaboración dunha Guía de acollida que ofrezca información resumida e actualizada sobre os distintos recursos públicos e privados da cidade e sobre aspectos que contribúan á convivencia intercultural.

### DEFINICIÓN

Elaboración dunha Guía de atención e de convivencia intercultural de Vigo, que inclúa:

- os diferentes recursos e servizos que ofrecen as diferentes administracións públicas (estatal, autonómica e municipal) e as entidades sociais, así como o acceso a estes.
- o concepto de convivencia intercultural en torno ao cal se articula este plan.
- información sobre os distintos sistemas públicos: sistema educativo, sistema de homologación de títulos, sistema sanitario, sistema da seguridade social e de pensións, réxime tributario e sistema recadatorio, lexislación española básica, sistema administrativo español, etc.
- información sobre aspectos básicos da cidade de Vigo que contribúan ao desenvolvemento de relacións de convivencia (normativas, prácticas sociais, costumes, hábitos ou outros).

<p><b>DEFINICIÓN</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- manual de boas prácticas con experiencias exitosas en materia de convivencia.</li> <li>- historias de vida positivas de estranxeiros/as residentes en Vigo.</li> </ul> <p>A guía presentarase en formato impreso e on-line (ofrecendo así a través da web un mapa de recursos on-line ).</p>
<p><b>OBXECTIVOS</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dotar dunha ferramenta útil e sinxela á poboación inmigrante e retornada con información básica sobre a sociedade española e a sociedade galega, a cidade de Vigo e os seus recursos.</li> <li>• Favorecer o desenvolvemento da convivencia intercultural entre os membros da sociedade culturalmente diversa que é neste momento Vigo.</li> </ul>
<p><b>EIXO/S DE ACTUACIÓN NO/S QUE SE INSERTA/N</b></p>	<p>Eixo 1: acollida e acceso aos recursos. Eixo 3: convivencia intercultural.</p>
<p><b>LIÑA DE INTERVENCIÓN</b></p>	<p>Liñas 1 e 9.</p>
<p><b>METODOLOXÍA</b></p>	<p>A metodoloxía aplicada é a do diagnóstico da realidade, analizando todos os servizos e recursos de carácter público e privado de atención á poboación que existen en Vigo.</p>
<p><b>TRANSVERSALIDADE</b></p>	<p>Concellarías de Benestar Social e Cultura.</p>
<p><b>COLECTIVOS IMPLICADOS</b></p>	<p>Inmigrantes e emigrantes retornados/as.</p>
<p><b>ENDEREZO WEB</b></p>	<p><a href="http://www.vigo.org">www.vigo.org</a>.</p>

## MEDIDA 6: SERVIZO DE TRADUCIÓN E INTERPRETACIÓN LINGÜÍSTICAS

### FUNDAMENTACIÓN

Moitas das persoas que chegan á cidade de Vigo proceden de países de lingua distinta ao galego e/ou ao castelán, cuestión esta que nos momentos iniciais do proceso de asentamento pode supor un obstáculo para unha plena integración e pode ser visto como un problema ou motivo de conflito entre poboación inmigrante e autóctona.

Dispor dun servizo de tradución e interpretación permite garantir a igualdade no acceso aos diferentes recursos municipais aos que a poboación estranxeira deba recorrer.

### DEFINICIÓN

Servizo de tradución e interpretación ao castelán e/ou ao galego en convenio coa Escola de Idiomas ou entidades sociais que ofrezca servizos de:

- tradución simultánea: in situ ou por teléfono.
- tradución de documentos oficiais, folletos e calquera tipo de documento necesario.

Os idiomas iniciais cos que se contará son: francés, árabe, chinés e romanés.



<b>OBXECTIVOS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Garantir o acceso aos recursos daquelas persoas inmigrantes que non alcanzaron o limiar mínimo de galego e/ou castelán.</li><li>• Mellorar a comunicación entre as persoas estranxeiras que non falen castelán e/ou galego e os distintos servizos municipais.</li></ul>
<b>EIXO/S DE ACTUACIÓN NO/S QUE SE INSERTA/N</b>	Eixo 1: acollida e acceso aos recursos.
<b>LIÑA DE INTERVENCIÓN</b>	Liña 1.
<b>METODOLOXÍA</b>	A metodoloxía utilizada será a da tradución e a interpretación, axustándose sempre ás necesidades manifestadas polos usuarios/as e polos/as profesionais municipais que recorran a este servizo. Para o desenvolvemento deste programa poderase establecer un convenio coa Universidade de Vigo.
<b>TRANSVERSALIDADE</b>	Implica a todas as concellarías do Concello que teñen servizos de atención directa á cidadanía.
<b>COLECTIVOS IMPLICADOS</b>	Inmigrantes con dificultade para a comunicación en galego e/ou castelán.
<b>ENDEREZO WEB</b>	<a href="http://www.vigo.org">www.vigo.org</a> .



## MEDIDA 7: ATENCIÓN NORMALIZADA DENDE OS SERVIZOS SOCIAIS

### FUNDAMENTACIÓN

Conseguir a integración plena das persoas inmigrantes e emigrantes retornadas implica garantir o acceso aos recursos municipais de xeito normalizado.

Por ese motivo dende a área de Servizos Sociais do Concello de Vigo préstase especial atención ás necesidades específicas do colectivo inmigrante na medida en que se trata dun colectivo cun nivel de vulnerabilidade social maior e, con dificultades que requiren intervencións puntuais e específicas.

Neste sentido o Servizo de Urxencias Sociais, cuxo obxectivo é realizar accións en coordinación con distintas entidades para tratar situacións de urxencia social: comedores, aloxamentos provisionais, axudas de urxencia e prestar a debida atención a persoas, que por diversos motivos atravesen circunstancias difíciles, outorga especial atención a esta nova realidade social que é a inmigración.

### DEFINICIÓN

#### Servizos Sociais do Concello de Vigo:

Os servizos sociais municipais son o instrumento máis eficaz para garantir a atención das necesidades sociais de toda a poboación da cidade e previr a desigualdade dos cidadáns e das cidadás. A través deles favorécese a participación, o libre desenvolvemento das persoas e grupos da sociedade, fomentando o desenvolvemento comunitario.

## DEFINICIÓN

### - Centro Municipal de Servizos Sociais

O Centro Municipal de Servizos Sociais (CMSS), é un órgano central integrado por recursos humanos, técnicos, financeiros e materiais, onde se xestionan e coordinan os diferentes programas que se levan a cabo nas Unidades de Traballo Social (UTS).

### - Unidades de Traballo Social (UTS)

Para a prestación dos servizos sociais de forma descentralizada no concello, créanse as UTS ou Unidades de Traballo Social por zonas. Son a "porta de entrada" ao Sistema de Servizos Sociais. Ofrecen un Servizo de Información Pública, para toda a poboación, dende onde se facilita de forma profesional e confidencial, información sobre os servizos sociais, recursos e prestacións a disposición das cidadás e cidadáns, así como os dereitos que teñen tanto individual como colectivamente.

Nelas valóranse as necesidades expostas, orientando cara aos recursos máis idóneos en cada caso, intervindo profesionalmente cando as persoas así o demandan co fin de garantir unha atención persoal e social de calidade.

<b>DEFINICIÓN</b>	<p>Servizos que ofrece:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Información, valoración, diagnóstico e orientación á poboación no que respecta aos seus dereitos, recursos e intervencións sociais que lles poidan corresponder.</li><li>- Proporcionar o Servizo de Axuda no Fogar, aloxamento alternativo, prestacións económicas e de urxencia social.</li><li>- Realízanse actuacións preventivas das situacións de risco e necesidade social do conxunto da poboación, intervindo para conseguir a integración social. Coordinación con entidades sociais.</li></ul>
<b>OBXECTIVOS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Garantir a atención normalizada á poboación de orixe estranxeira e a emigrantes retornados en igualdade de condicións co resto da poboación.</li></ul>
<b>EIXO/S DE ACTUACIÓN NO/S QUE SE INSERTA/N</b>	Eixo 1: acollida.
<b>LIÑA DE INTERVENCIÓN</b>	Liña 1.
<b>METODOLOXÍA</b>	Metodoloxía da intervención social e do Traballo Social: atención, asesoramento, información, deseño de intervención individualizada e derivación de casos.
<b>TRANSVERSALIDADE</b>	Concellaría de Benestar Social e en coordinación co resto de concellarías: Emprego, Vivenda, Educación.
<b>COLECTIVOS IMPLICADOS</b>	Imigrantes e emigrantes retornados/as.
<b>POSTA EN MARCHA</b>	1995.
<b>ENDEREZO WEB</b>	<a href="http://www.vigo.org">www.vigo.org</a> .

## MEDIDA 8: CURSOS DE CASTELÁN E DE GALEGO

### FUNDAMENTACIÓN

O descoñecemento do galego e do castelán preséntase como unha das grandes necesidades dalgúns estranxeiros/as procedentes de países de fala non española. Trátase doutro elemento fundamental ao permitir mellorar as posibilidades de relación e comunicación dos/as estranxeiros/as, facilitar o acceso ao emprego e a vivenda e ás diferentes esferas da administración pública: educación, sanidade, servizos sociais, etc.

### DEFINICIÓN

Curso anual de castelán e de galego nos niveis de alfabetización, principiantes e intermedio para estranxeiros que descoñecen ámbalas dúas linguas.

### OBXECTIVOS

- Curso anual de galego e de castelán nos niveis de alfabetización, principiantes e intermedio para estranxeiros/as que descoñecen ámbalas dúas linguas.
- Garantir a integración dos/as estranxeiros/as de fala non castelá ou galega na sociedade viguesa, dotándoos de habilidades lingüísticas que lles permitan desenvolverse con normalidade nas súas relacións sociais e interpersoais.
- Favorecer os procesos de convivencia intercultural entre a poboación inmigrante e a autóctona.

### EIXO/S DE ACTUACIÓN NO/S QUE SE INSERTA/N

Eixo 1: acollida.

### LIÑA DE INTERVENCIÓN

Liña 1.



<b>METODOLOXÍA</b>	Metodoloxía do ensino do español e o galego como lingua estranxeira. Normalización Lingüística e Benestar Social.
<b>TRANSVERSALIDADE</b>	Normalización Lingüística e Benestar Social.
<b>COLECTIVOS IMPLICADOS</b>	Estranxeiros con dificultade para comunicarse en castelán e/ou galego.
<b>ENDEREZO WEB</b>	<a href="http://www.vigo.org">www.vigo.org</a> .





## MEDIDA 9: PROGRAMA DE ATENCIÓN INTEGRAL A MULLERES INMIGRANTES E EMIGRANTES RETORNADAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE SOCIAL

### FUNDAMENTACIÓN

Diversos estudos puxeron de manifesto a dobre discriminación á que están sometidas moitas mulleres pola súa dobre condición de mulleres e inmigrantes. En moitas ocasións, aínda tendo experiencia laboral ou titulación académica, unha gran maioría de mulleres inmigrantes traballa de xeito informal, levando a cabo traballos de pouca cualificación, mal pagos ou pouco valorados socialmente.

A estas situacións engádense tamén, os problemas derivados do descoñecemento da lingua, de costumes, de situacións de soidade ou desarraigamento familiar ou da existencia de situacións económicas precarias que atrasan os procesos de reagrupación familiar.

En relación a estas problemáticas, no caso de Vigo e particularmente no caso das mulleres procedentes de Marrocos e da África ao sur do Sáhara, detectáronse dificultades relacionadas con:

- Unha escasa igualdade de xénero.
- A necesidade de conciliación de vida laboral e familiar, a alfabetización e aprendizaxe castelán e galego.
- As escasas relacións sociais no contorno inmediato.

Tamén, e no caso sobre todo de mulleres latinas (colombianas, brasileiras), atopámonos con que a miúdo son vistas pola cidadanía autóctona baixo imaxes distorsionadas por prexuízos ou estereotipos que obstaculizan a súa plena integración.

## FUNDAMENTACIÓN

Por outra banda hai que considerar tamén as dificultades das mulleres emigrantes retornadas sobre todo en aspectos vinculados coa incorporación á comunidade, capacitación profesional e o acceso ao emprego.

É por iso, que unha política de integración social require definir accións que vaian dirixidas aos grupos sociais en situación de vulnerabilidade, que permitan incorporar ás mulleres de orixe estranxeira e emigrantes retornadas nas liñas de actuación que veñen desenvolvendo en materia de igualdade e loita contra a discriminación, que lles permitan superar estas situacións e favorezan a integración das mulleres inmigrantes na nosa sociedade.

## DEFINICIÓN

Servizo dirixido a apoiar as actuacións en materia de igualdade e atender ás situacións especiais que afectan ás mulleres inmigrantes e emigrantes retornadas. Dende este servizo ofrecerase asesoramento sobre acceso ao emprego, acceso a educación e formación profesional, saúde reprodutiva e outros aspectos, que se consideren importantes.

Para iso o servizo estruturarase en dous programas:

1. Programa de información, asesoramento e acompañamento á integración.
2. Programa de desenvolvemento social: realización de obradoiros informativos, obradoiros de habilidades sociais, obradoiros sobre igualdade de xénero e outros que se consideren oportunos.

## OBXECTIVOS

- Informar e orientar ás mulleres inmigrantes sobre aspectos relacionados cunha mellor integración, particularmente sobre os seus dereitos e os servizos que existen para elas.



<p><b>OBXECTIVOS</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fomentar a creación de redes de coñecemento e apoio entre colectivos autóctonos e mulleres inmigrantes e emigrantes retornadas que reforcen accións do Plan de igualdade.</li> <li>• Promocionar as actividades de formación das mulleres inmigrantes e emigrantes retornadas como vía de desenvolvemento persoal e de integración social.</li> </ul>
<p><b>EIXO/S DE ACTUACIÓN NO/S QUE SE INSERTA/N</b></p>	<p>Eixo 1: acollida, información e acceso aos recursos.</p>
<p><b>LIÑA DE INTERVENCIÓN</b></p>	<p>Liñas 1, 2 e 3.</p>
<p><b>METODOLOXÍA</b></p>	<p>Canalizarase a atención social, educativa, sanitaria e de formación para o emprego a mulleres inmigrantes e emigrantes retornadas a través de recursos propios e da iniciativa social.</p> <p>Ofrecerase unha atención inicial e a derivación posterior a instancias especializadas para as mulleres que presenten problemas relacionados con desaxustes emocionais, abandonos, malos tratos, etc.</p> <p>Divulgación e apoio ás campañas de sensibilización e prevención contra a discriminación e pola igualdade de trato que valoren explicitamente a diversidade cultural.</p>
<p><b>TRANSVERSALIDADE</b></p>	<p>Área de Igualdade do Concello de Vigo en coordinación con Servizos Sociais, Emprego, Vivenda, etc.</p>
<p><b>COLECTIVOS IMPLICADOS</b></p>	<p>Mulleres inmigrantes e retornadas en situación de risco social, de exclusión ou discriminación orixinada pola súa condición.</p>
<p><b>ENDEREZO WEB</b></p>	<p><a href="http://www.vigo.org">www.vigo.org</a>.</p>

## Eixo 2: Sensibilización e loita contra o racismo e a xenofobia

A presenza de persoas de distinta orixe étnica, xeográfica e cultural aínda que supón sobre todo enriquecemento e aspectos positivos a distintos niveis, implica tamén situacións de desencontro e conflito, así como a posibilidade de que xurdan actitudes discriminatorias.

Por iso faise necesaria a implementación dun eixo de actuación que dende premisas de prevención e actuación traten todas as situacións de conflito e discriminación, racismo e/ou xenofobia no seo da cidade, facendoo dende a sensibilización e a loita activa contra a discriminación, o racismo e a xenofobia.

### OBXECTIVOS

**Obxectivo xeral:** Contribuír á sensibilización para o fomento de actitudes positivas cara á poboación de orixe estranxeira entre a cidadanía de Vigo e garantir o principio de non discriminación e igualdade de trato entre a cidadanía viguesa.

#### Obxectivos específicos:

**Obxectivo 1:** Sensibilizar á poboación viguesa sobre os beneficios da inmigración e as sociedades étnico-culturalmente diversas.

**Obxectivo 2:** Visibilizar a inmigración e ofrecer unha imaxe positiva desta.

**Obxectivo 3:** Formar e sensibilizar ao funcionariado do municipio de Vigo sobre o feito migratorio e sensibilizalo na necesidade de fomentar actitudes positivas cara á poboación de orixe estranxeira.

**Obxectivo 4:** Loitar contra a discriminación e a xenofobia e a promoción da igualdade de oportunidades dos/as estranxeiros/as e evitar a discriminación por razón de orixe étnico-cultural.

**Obxectivo 5:** Combater o racismo e a xenofobia a través da defensa xudicial de toda persoa ou entidade que sufriu discriminación ou sexa vítima de racismo e actos xenófobos.

## LIÑAS DE INTERVENCIÓN

- 5. Sensibilización sobre o feito migratorio no ámbito escolar e veciñal.** Con esta liña preténdese incidir nos valores positivos da inmigración entre a poboación de Vigo, de maneira que se eviten as actitudes racistas e discriminatorias e se favoreza a convivencia intercultural. Os ámbitos prioritarios de actuación desta liña son o escolar e o veciñal, dous espazos onde se dá de xeito continuo o encontro entre persoas de distinta orixe étnica-cultural.
- 6. Sensibilización en materia de loita contra a discriminación e a xenofobia.** Esta liña de actuación pretende sensibilizar á cidadanía en xeral e á poboación inmigrante da cidade de Vigo sobre o dereito á igualdade de oportunidades. Así como ofrecer información sobre a lexislación e os recursos que traballan na cidade no ámbito da loita contra a discriminación e a xenofobia.
- 7. Asistencia e acompañamento xurídico por actos discriminatorios.** Esta liña pretende incidir directamente na loita contra a discriminación e a xenofobia, ofrecendo asesoramento e acompañamento a aquelas persoas que sexan vítimas de actos discriminatorios.

## PROGRAMAS-ACCIÓNS

### MEDIDA 10: PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN

#### FUNDAMENTACIÓN

Nos contextos de diversidade de cultural, como é o caso de Vigo, poden darse situacións de conflito e desencontro entre a cidadanía.

Por iso a sensibilización dende unha perspectiva dobre de intervención e prevención, resulta unha ferramenta útil para as políticas de xestión da diversidade étnico-cultural e as políticas de igualdade de trato e non discriminación.

#### DEFINICIÓN

Programa global de sensibilización sobre o feito migratorio e a non discriminación por razón da orixe étnica-cultural, a través de:

- campañas públicas de sensibilización.
- campañas específicas en colexios (profesorado, alumnado e familias a través das ANPAS), centros culturais (mozos/as, persoas maiores, etc), deportivos e outros servizos municipais.
- campañas dirixidas aos medios de comunicación.
- formación ao profesorado a través do CEFORE: cursos ou obradoiros de xestión da diversidade en centros escolares.
- formación aos pais a través das ANPAS e/ou escolas de pais/nais.

<b>DEFINICIÓN</b>	<p>- colectivos empresariais, organizacións non lucrativas e aquelas entidades que contraten traballadores/as.</p> <p>Estas campañas poderanse desenvolver en convenio con entidades sociais de Vigo.</p>
<b>OBXECTIVOS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ofrecer unha visión positiva da inmigración e os/as inmigrantes. E das relacións interculturais.</li> <li>• Combater a discriminación, o racismo e a xenofobia.</li> </ul>
<b>EIXO/S DE ACTUACIÓN NO/S QUE SE INSERTA/N</b>	<p>Eixo 2: sensibilización e loita contra o racismo.</p> <p>Eixo 3: convivencia intercultural.</p>
<b>LIÑA DE INTERVENCIÓN</b>	<p>Liña 5.</p>
<b>METODOLOXÍA</b>	<p>Deseño de campañas dirixidas á sociedade civil e as súas organizacións, de xeito especial a estudantes, mocidade e persoas maiores e que dende a perspectiva da gobernanza, impliquen á sociedade civil organizada.</p>
<b>TRANSVERSALIDADE</b>	<p>Concello de Vigo no seu conxunto.</p>
<b>COLECTIVOS IMPLICADOS</b>	<p>Cidadanía de Vigo.</p>
<b>ENDEREZO WEB</b>	<p><a href="http://www.vigo.org">www.vigo.org</a>.</p>



## MEDIDA 11: OFICINA ANTIDISCRIMINACIÓN

### FUNDAMENTACIÓN

A discriminación é sen dúbida outra das cuestións importantes que considerar cando se analiza a situación das persoas estranxeiras que viven en Vigo. Detéctanse diversas situacións de discriminación que requiren unha atención específica:

- en acceso a emprego.
- en acceso a vivenda.
- nalgunhas institucións públicas (funcionariado do Goberno central).
- en relacións coa sociedade de acollida en xeral (en comunidades veciñais, na escola).

### DEFINICIÓN

Servizo de asistencia contra a discriminación e o racismo que actúa en distintos niveis:

- información e asesoría xurídica a persoas, entidades e aos diferentes servizos municipais.
- acompañamento xurídico en casos de discriminación: denuncia, causa, etc.
- asistencia social e psicolóxica ás vítimas de racismo.
- detectar situacións de discriminación, racismo ou xenofobia.
- sensibilización á cidadanía en xeral.
- sensibilización ao funcionariado municipal, de xeito preferente ao dos distintos servizos que traballan en atención á cidadanía.

<b>DEFINICIÓN</b>	- sensibilización ao empresariado vigués e aos/ás propietarios/as de vivenda en alugueiro.
<b>OBXECTIVOS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Combater a discriminación e o racismo.</li><li>• Asesorar, acompañar e acudir ás vítimas de discriminación.</li></ul>
<b>EIXO/S DE ACTUACIÓN NO/S QUE SE INSERTA/N</b>	Eixo 2: sensibilización e loita contra o racismo.
<b>LIÑA DE INTERVENCIÓN</b>	Liñas 5, 6, e 7.
<b>METODOLOXÍA</b>	<p>Esta oficina ofrecerá atención á poboación de Vigo en materia xurídica, social e psicolóxica. Así mesmo deseñará e elaborará distintas campañas e accións destinadas a previr o racismo e a discriminación, e a superar situacións discriminatorias no acceso ao emprego, a vivenda ou nas comunidades de veciños.</p> <p>Farase uso tamén da mediación intercultural como metodoloxía preventiva sempre que se considere necesaria.</p>
<b>TRANSVERSALIDADE</b>	Concello de Vigo no seu conxunto.
<b>COLECTIVOS IMPLICADOS</b>	Cidadanía de Vigo.
<b>ENDEREZO WEB</b>	<a href="http://www.vigo.org">www.vigo.org</a> .

## Eixo 3: Convivencia intercultural

A convivencia intercultural é o estado ideal ao que unha sociedade debe chegar. En contextos de multiculturalidade, como o é hoxe a cidade de Vigo, o camiño cara á interculturalidade está iniciado aínda que non garantido, e resulta necesario traballar na coa cidadanía para conseguir unha sociedade cohesionada e harmoniosa de real convivencia intercultural.

Por iso dende a administración municipal expónse este como o terceiro dos eixos que compón o plan, que dende un modelo pluralista da xestión da diversidade cultural pretende fomentar unha sociedade intercultural para toda a cidadanía e coa implicación e corresponsabilidade de toda a cidadanía e todos os actores sociais.

### OBXECTIVOS

**Obxectivo xeral:** favorecer o desenvolvemento da convivencia intercultural na cidade de Vigo.

#### Obxectivos específicos:

**Obxectivo 1:** Xerar espazos de encontro e convivencia, e desenvolver valores de convivencia, tolerancia e respecto mutuo entre a diversa poboación viguesa.

**Obxectivo 2:** Previr e resolver conflitos, así como actitudes racistas e xenófobas e promover o acordo para a superación dos mesmos.

**Obxectivo 3:** Desenvolver entre a mocidade viguesa valores de convivencia, tolerancia e respecto mutuo.

**Obxectivo 4:** Incluír a perspectiva intercultural no calendario de celebracións municipais.

### LIÑAS DE INTERVENCIÓN

**8. Mediación intercultural e resolución de conflitos.** Con esta liña perséguese previr as situacións de desencontro e conflito entre a poboación autóctona e a poboación inmigrante, apostando pola metodoloxía da mediación intercultural para a xestión e resolución de conflitos onde o factor cultural sexa relevante.

**9. Sensibilización nos ámbitos escolar, do lecer, da mocidade e veciñal.** Dende esta liña búscase traballar con toda a cidadanía de Vigo o desenvolvemento de valores de respecto, tolerancia e convivencia intercultural, que garantan o desenvolvemento dunha sociedade cohesionada e harmónica da que toda a cidadanía, independentemente da súa orixe, se sinta parte.

**10. Creación de espazos de encontro e convivencia.** Reforzando a liña anterior, esta liña céntrase na creación de espazos de encontro e convivencia que dende o coñecemento mutuo das distintas culturas presentes na cidade de Vigo, permitan o desenvolvemento de relacións sociais e persoais cordiais e que contribúan á construción dunha verdadeira sociedade intercultural.





## PROGRAMAS-ACCIÓNS

### MEDIDA 12: PROGRAMA DE MEDIACIÓN INTERCULTURAL

#### FUNDAMENTACIÓN

A presenza en Vigo de persoas de distintas orixes, supón que creza a diversidade cultural na medida en que residen na mesma cidade procedentes de distintas latitudes, distintos países e distintas orixes culturais, pero como en todo proceso de interacción entre persoas, danse situacións de desencontro e de conflito.

Lonxe de considerar o conflito un elemento negativo para o desenvolvemento das sociedades, nun espazo de multiculturalidade significativa como é Vigo, o conflito preséntase como un aspecto positivo que permite o avance da sociedade.

O conflito é inherente ás relacións humanas e sociais, é imprescindible xestionalo, de xeito que esa xestión permita a transformación social e das persoas que na actualidade forman parte da cidadanía de Vigo.

Dende esta perspectiva resulta apropiado a implementación de servizos cuxo obxectivo sexa o desenvolvemento da convivencia intercultural, como o Servizo de Mediación Social Intercultural.

<p><b>DEFINICIÓN</b></p>	<p>Programa orientado á xestión e prevención de conflitos onde o factor cultural sexa relevante e que pretende servir de ponte entre a poboación estranxeira e a sociedade de acollida para mellorar as relacións de convivencia.</p>
<p><b>OBXECTIVOS</b></p>	<p><b>Obxectivo xeral:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Contribuír á construción dunha sociedade intercultural, mellorando as relacións de convivencia entre as e os veciños/as de Vigo, facendo uso para iso da metodoloxía da mediación social intercultural.</li> </ul> <p><b>Obxectivos específicos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Mediar en contextos veciñais e comunitarios en conflitos de carácter multicultural.</li> <li>• Facilitar o acceso aos distintos recursos á poboación de orixe estranxeira e emigrantes retornados.</li> <li>• Crear pontes para o coñecemento e o encontro mutuo entre a poboación de orixe estranxeira e a poboación autóctona.</li> <li>• Apoiar ás actividades que promovan a interculturalidade.</li> <li>• Apoiar aos diferentes profesionais que traballan con poboación de orixe estranxeira en: servizos sociais, centros educativos e de saúde, etc.</li> <li>• Coordinar a súa acción con distintos axentes sociais que interveñen no ámbito da inmigración.</li> <li>• Previr o conflito no ámbito escolar (profesorado, familias, alumnado).</li> </ul>
<p><b>EIXO/S DE ACTUACIÓN NO/S QUE SE INSERTA/N</b></p>	<p>Eixo 1: acollida, información e acceso aos recursos. Eixo 3: convivencia intercultural.</p>
<p><b>LIÑA DE INTERVENCIÓN</b></p>	<p>Liñas 1 e 8.</p>

## METODOLOXÍA

A metodoloxía utilizada é a da **"Mediación Social Intercultural"**:

- Entendemos a mediación intercultural como un proceso que contribúe a mellorar a comunicación, a relación e a integración intercultural entre persoas ou grupos presentes nun territorio, e pertencentes a unha ou varias culturas, e con códigos culturais diferentes.
- "É a intervención dunha terceira parte, con capacidade para dar a coñecer as claves, as representacións culturais e sociais dos actores implicados, para superar situacións de descoñecemento e incomunicación, conflito de valores ou intereses, ou a existencia de diferenzas ou desigualdades, en orde a construír un novo marco común de convivencia" (Definición do Grupo Triángulo).

Definición de mediador/a intercultural:

- Un/unha profesional de apoio e enlace, cuxo obxectivo é facilitar e posibilitar a comunicación e convivencia de toda a cidadanía e a adecuación dos recursos; para así conseguir a creación dun novo contexto de carácter intercultural. E para iso fai uso da metodoloxía da mediación, entendida esta en contextos de multiculturalidade significativa.

### TRANSVERSALIDADE

O Concello no seu conxunto.

### COLECTIVOS IMPLICADOS

Cidadanía de Vigo.

### POSTA EN MARCHA

2º trimestre do 2009.

### ENDEREZO WEB

[www.vigo.org](http://www.vigo.org).

## MEDIDA 13: SERVIZO DE DINAMIZACIÓN INTERCULTURAL EN ESPAZOS DE ENCONTRO

### FUNDAMENTACIÓN

Contribuír ao desenvolvemento de relacións de convivencia entre a cidadanía diversa de Vigo é un dos obxectivos deste plan. É por iso que resulta necesario desenvolver accións que permitan o desenvolvemento de actitudes favorables á diversidade e de valores de tolerancia e respecto á diferenza.

### DEFINICIÓN

Servizo integral de dinamización intercultural en espazos de encontro, desenvolvendo actividades de carácter intercultural en:

- centros culturais
- parques
- centros educativos

### OBXECTIVOS

- Promover o coñecemento mutuo entre a diversa poboación residente en Vigo.
- Visibilizar o feito migratorio.
- Contribuír ao desenvolvemento de relacións de convivencia intercultural.

<b>EIXO/S DE ACTUACIÓN NO/S QUE SE INSERTA/N</b>	Eixo 3: convivencia intercultural.
<b>LIÑA DE INTERVENCIÓN</b>	Liñas 9 e 10.
<b>METODOLOXÍA</b>	O servizo desenvolverá actividades e proxectos de carácter intercultural en centros educativos, culturais e parques, destinadas a toda a poboación, utilizando a metodoloxía da dinamización sociocultural e a educación intercultural, estimulando e potenciando a participación cidadá.
<b>TRANSVERSALIDADE</b>	Concellaría de Educación e Concellaría de Cultura.
<b>COLECTIVOS IMPLICADOS</b>	Cidadanía de Vigo.
<b>ENDEREZO WEB</b>	<a href="http://www.vigo.org">www.vigo.org</a> .



## MEDIDA 14: PROGRAMA “SOMOS NOVOS E DIVERSOS”

### FUNDAMENTACIÓN

A intervención con poboación nova é sen dúbida unha das accións prioritarias de calquera política pública. Dende esta perspectiva e en contextos multiculturalis resulta fundamental traballar coa poboación nova para o desenvolvemento de valores e actitudes de tolerancia e respecto coa diferenza e a diversidade.

### DEFINICIÓN

Servizo de dinamización cultural en casas de mocidade coa participación de mocidade de distintas orixes étnico-culturais, destinado ás asociacións xuvenís e á mocidade da cidade de Vigo.

Desenvólense actividades de tipo lúdico e intercultural, enmarcadas na programación anual das casas de mocidade.

Ofreceseráse ás asociacións xuvenís formación en materia de interculturalidade e diversidade.

### OBXECTIVOS

- Desenvolver entre a mocidade residente en Vigo actitudes de respecto e tolerancia.
- Contribuír ao coñecemento entre a mocidade de distintas orixes.
- Desenvolver relacións de convivencia intercultural entre a poboación nova de Vigo.

### EIXO/S DE ACTUACIÓN NO/S QUE SE INSERTA/N

Eixo 3: convivencia intercultural.

### LIÑA DE INTERVENCIÓN

Liñas 9 e 10.

## METODOLOXÍA

O servizo desenvolverá actividades e proxectos de carácter intercultural en centros educativos, culturais e parques, destinadas a toda a poboación, utilizando a metodoloxía da dinamización sociocultural e a educación intercultural, estimulando e potenciando a participación da mocidade de Vigo.

## TRANSVERSALIDADE

Concellaría de Mocidade e Concellaría de Cultura.

## COLECTIVOS IMPLICADOS

Mocidade de Vigo.

## ENDEREZO WEB

[www.vigo.org](http://www.vigo.org).



## MEDIDA 15: PROGRAMA “EN GALEGO TAMÉN NOUTROS MUNDOS”

<b>FUNDAMENTACIÓN</b>	Nunha cidade como Vigo o achegamento á lingua galega e a outras das linguas que se falan na cidade pode ser unha vía para o encontro e o desenvolvemento da convivencia intercultural.
<b>DEFINICIÓN</b>	Programa bianual de actividades en torno ao coñecemento das linguas do mundo.
<b>OBXECTIVOS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Contribuír ao coñecemento do galego entre a poboación estranxeira residente en Vigo.</li> <li>• Xerar relacións de convivencia intercultural entre a poboación de Vigo.</li> </ul>
<b>EIXO/S DE ACTUACIÓN NO/S QUE SE INSERTA/N</b>	Eixo 3: convivencia intercultural.
<b>LIÑA DE INTERVENCIÓN</b>	Liñas 9 e 10.
<b>METODOLOXÍA</b>	<p>Metodoloxía de intervención dende o desenvolvemento comunitario.</p> <p>Realizaranse distintas actividades de carácter intercultural coa participación de diversos axentes da sociedade viguesa.</p>
<b>TRANSVERSALIDADE</b>	Concellaría de Normalización, Concellaría de Cultura e Concellaría de Benestar Social.
<b>COLECTIVOS IMPLICADOS</b>	Cidadanía de Vigo.
<b>POSTA EN MARCHA</b>	2009.
<b>ENDEREZO WEB</b>	<a href="http://www.vigo.org">www.vigo.org</a> .





## MEDIDA 16: PROGRAMA DE FORMACIÓN INTERNA EN INMIGRACIÓN E INTERCULTURALIDADE

### FUNDAMENTACIÓN

As administracións públicas constitúen a principal porta de acceso dos cidadáns á sociedade xa que, deben adecuarse á realidade e ás necesidades cambiantes que esta orixina, co fin de mellorar a calidade de atención que deben ofrecer a toda a cidadanía, independentemente da súa orixe.

Os cambios demográficos experimentados na cidade de Vigo en relación coa inmigración esixiron aos/ás empregados/as do Concello un importante esforzo para adaptarse e adecuarse ás características e demandas expostas pola poboación de orixe estranxeira. Iso require, en moitas ocasións, reformular as accións de intervención ou asistencia que veñen desenvolvendo, para axustalas ás novas demandas que a diversidade expón. En moitas ocasións as/os profesionais e técnicos/as están sensibilizados ante os cambios e asumen os novos retos, pero noutras ocasións, algúns actúan seguindo pautas burocráticas ou actitudes que poden xerar discriminación ou ser produto de prexuízos e percepcións que obstaculizan o proceso de integración.

É por iso que se require establecer un programa de formación continua que permita dotar aos/ás profesionais do Concello de Vigo de instrumentos e claves de intervención en contextos de diversidade e interculturalidade.

<b>DEFINICIÓN</b>	Accións formativas sobre xestión da inmigración, competencia intercultural e sobre interculturalidade, dirixidas ao funcionariado, ao persoal técnico e aos/ás profesionais do Concello de Vigo e, na medida do posible, abertas tamén ao resto de axentes sociais implicados na xestión da inmigración.
<b>OBXECTIVOS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Formar ao persoal municipal en materias relativas á inmigración e a convivencia intercultural, así como nos valores de tolerancia e respecto á diferenza.</li><li>• Proporcionar ás/aos profesionais ferramentas, recursos e materiais adecuados para a intervención correcta con persoas de orixe estranxeira e persoas retornadas.</li></ul>
<b>EIXO/S DE ACTUACIÓN NO/S QUE SE INSERTA/N</b>	Eixo 2: sensibilización e loita contra o racismo. Eixo 3: convivencia intercultural.
<b>LIÑA DE INTERVENCIÓN</b>	Liñas 1, 6, 8 e 10.
<b>METODOLOXÍA</b>	Deseñar e realizar un programa de formación continua a profesionais dos servizos sociais comunitarios, da área de empadramento, e da policía local, en temas relacionados coa inmigración e a competencia intercultural e sobre dereitos e deberes das persoas estranxeiras.

## METODOLOXÍA

O Programa de Formación do funcionariado concíbese como un espazo que permita aos profesionais municipais:

- Compartir as dificultades que xorden no seu labor diario.
- Ofrecer formación que proporcione ferramentas para traballar en contextos de interculturalidade.
- Intercambiar e fomentar boas prácticas.

O Programa de formación interna buscará:

- 1.- Formación xeral en competencia intercultural e en materia de interculturalidade, con especial énfase en materia de sensibilización e loita contra o racismo, a discriminación e a xenofobia.
- 2.- Formación específica, destinada a determinados colectivos profesionais municipais, que polas especiais características do seu traballo, necesitan actualizar, perfeccionar ou profundar nos seus coñecementos sobre interculturalidade e adecuar as accións de intervención en contextos de diversidade (policía local, educadores sociais, traballadores sociais, etc.).

## TRANSVERSALIDADE

Concello de Vigo no seu conxunto, con especial vinculación a aquelas áreas e departamentos directamente vinculados coa atención ao cidadán: Policía, Padrón Municipal, traballadores/as e educadores/as sociais.

## COLECTIVOS IMPLICADOS

Profesionais do Concello de Vigo.

## ENDEREZO WEB

[www.vigo.org](http://www.vigo.org).

## Eixo 4: Participación Cidadá

Construír sociedades étnico-culturalmente diversas leva implícita a participación activa de toda a sociedade e de xeito particular da sociedade civil organizada e as distintas entidades sociais que conforman o tecido asociativo de Vigo.

Con este cuarto eixo quérese conseguir este obxectivo apostando polo desenvolvemento e fortalecemento das organizacións: ONGs, asociacións de inmigrantes e toda aquela entidade social que opere no ámbito das migracións e a convivencia intercultural.

### OBXECTIVOS

**Obxectivo xeral:** fomentar a participación cidadá no desenvolvemento da convivencia intercultural a través da sociedade civil organizada.




## Obxectivos específicos:

- Obxectivo 1:** Fomentar o asociacionismo das persoas estranxeiras tanto en asociacións de inmigrantes como en asociacións doutro tipo (veciñais, culturais, etc.).
- Obxectivo 2:** Fomentar a presenza e participación de inmigrantes nos distintos espazos participativos da cidade.
- Obxectivo 3:** Potenciar a creación de redes entre entidades.
- Obxectivo 4:** Potenciar o Consello das Migracións e a participación de entidades nel.

## LIÑAS DE INTERVENCIÓN

- 11. Fortalecemento na organización das entidades.** Con esta liña de actuación preténdese potenciar o traballo das entidades sociais de Vigo que traballan no ámbito das migracións e de xeito especial das asociacións de inmigrantes, contribuíndo a súa creación, desenvolvemento e consolidación.
- 12. Traballo en Rede.** Esta é unha liña de gran interese xa que o seu obxectivo é xerar un traballo en rede e coordinado de todas as asociacións e entidades que traballan por e para a inmigración. Para iso apostarase polo encontro e coordinación entre as diversas entidades, o "partenariado" e a transmisión de información e experiencias entre todas as entidades do ámbito.
- 13. Fortalecemento e consolidación do Consello das Migracións.** Trátase dunha liña primordial na que se persegue dotar á cidade dun instrumento eficaz de participación política e social que permita canalizar todas as suxestións e propostas de acción que en materia de migracións se queiran levar.







## PROGRAMAS-ACCIÓNS

### MEDIDA 17: PROGRAMA DE FOMENTO DO ASOCIACIONISMO

#### FUNDAMENTACIÓN

Favorecer a participación cidadá da poboación de orixe estranxeira é sen dúbida un aspecto fundamental para conseguir a súa integración plena na sociedade viguesa.

Neste sentido resulta apropiado o desenvolvemento de accións que favorezan unha participación plena da poboación estranxeira a través das entidades sociais.

#### DEFINICIÓN

Favorecer a participación cidadá da poboación de orixe estranxeira é sen dúbida un aspecto fundamental para conseguir a súa integración plena na sociedade viguesa.

Neste sentido resulta apropiado o desenvolvemento de accións que favorezan unha participación plena da poboación estranxeira a través das entidades sociais.

Servizo de apoio técnico ao asociacionismo inmigrante que inclúa os seguintes programas:

- Asesoramento: trámites para constituír asociacións e seguimento delas, solicitude de subvencións, planificación e programación.
- Formación e capacitación: de xestión, de líderes, etc.
- Apoio á infraestrutura.
- Dinamización comunitaria: potenciar traballo en rede e achegar ás distintas entidades entre si.
- Desenvolvemento de encontros e de obradoiros entre as distintas entidades para o intercambio de información.
- Organización de obradoiros de experiencias.



<p><b>DEFINICIÓN</b></p>	<p>Fomento da participación entre a poboación: menores (colexios), mocidade, mulleres, etc.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Posta en marcha da Casa das Culturas.</li> </ul>
<p><b>OBXECTIVOS</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fomentar o asociacionismo das persoas estranxeiras tanto en asociacións de inmigrantes como en asociacións doutro tipo (veciñais, culturais, etc.).</li> <li>• Fomentar a presenza e participación de inmigrantes nos distintos espazos participativos da cidade.</li> <li>• Potenciar a creación de redes entre entidades.</li> <li>• Promover unha cultura da participación.</li> </ul>
<p><b>EIXO/S DE ACTUACIÓN NO/S QUE SE INSERTA/N</b></p>	<p>Eixo 4: participación cidadá.</p>
<p><b>LIÑA DE INTERVENCIÓN</b></p>	<p>Liñas 11 e 12.</p>
<p><b>METODOLOXÍA</b></p>	<p>Desenvolver cursos de capacitación en distintos aspectos para as asociacións, orientados á formulación de proxectos, fomentar o traballo en rede e o uso eficiente dos recursos.</p> <p>Coordinar reunións e encontros que faciliten o coñecemento das actuacións e que permitan compartir e aprender das experiencias.</p> <p>Facilitarlles espazos de encontro ás entidades. Dar a coñecer as distintas asociacións culturais, deportivas, xuvenís, veciñais, etc., ás persoas de orixe estranxeira, e fomentar a súa participación nelas.</p>
<p><b>TRANSVERSALIDADE</b></p>	<p>Concellaría de Participación Cidadá e Concellaría de Benestar Social.</p>
<p><b>COLECTIVOS IMPLICADOS</b></p>	<p>Entidades e axentes sociais da cidade de Vigo.</p>
<p><b>ENDEREZO WEB</b></p>	<p><a href="http://www.vigo.org">www.vigo.org</a>.</p>





## MEDIDA 18: CONSELLO MUNICIPAL DE INMIGRACIÓN

### DEFINICIÓN

O Consello de Inmigración da cidade de Vigo foi creado hai un ano. Trátase dun consello rexido por un regulamento orgánico e configurado como un órgano colexiado con carácter consultivo en materia de migración.

### OBXECTIVOS

- Servir de canle de participación e diálogo con organismos públicos e privados en asuntos de interese xeral para as persoas inmigrantes, emigrantes retornados e emigrantes.
- Fomentar o desenvolvemento do asociacionismo das persoas integrantes destes colectivos no municipio de Vigo.
- Potenciar a coordinación entre as institucións e entidades que actúan neste ámbito.
- Promover a realización de estudos e investigacións sobre persoas inmigrantes, emigrantes retornados e emigrantes, e calquera outra acción que se derive da propia dinámica social do municipio.
- Presentarles iniciativas, propostas ou suxestións ás diversas concellerías, á Corporación, aos consellos municipais e a outras institucións das administracións públicas, para que incidan coas súas actuacións neste ámbito, coa finalidade de garantir a coordinación das actuacións que se deriven da mesma, así como as propostas de actividades ou accións que deriven na consecución dun plan municipal para a resolución da problemática específica destes colectivos.
- Informar á Corporación municipal nos temas que se consideren pertinentes sobre a materia tratada.

<p><b>OBXECTIVOS</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Calquera outra función tendente á prevención da exclusión para o apoio á integración social das/dos estranxeiros/as inmigrantes e emigrantes retornados/as residentes no concello que contribúan a conseguir o benestar, a autonomía e a integración social no noso municipio. Todo isto sen prexuízo das funcións que lles corresponden a outros órganos de representación e participación legalmente establecidos. (Regulamento do Consello Municipal das Migracións)</li> <li>• Vincular o Consello co resto de consellos municipais, coa elección dun/dunha representante de entre os seus membros para participar nos diversos consellos existentes potenciando tamén a participación de representantes destes nas súas reunións.</li> </ul>
<p><b>EIXO/S DE ACTUACIÓN NO/S QUE SE INSERTA/N</b></p>	<p>Eixo 4: participación cidadá.</p>
<p><b>LIÑA DE INTERVENCIÓN</b></p>	<p>Liñas 11, 12, e 13.</p>
<p><b>METODOLOXÍA</b></p>	<p>O Consello organízase coma un corpo participativo e consultivo en materia de inmigración, que se reúne cunha periodicidade trimestral e pretende favorecer a participación do xeito máis amplo posible.</p>
<p><b>TRANSVERSALIDADE</b></p>	<p>Concellaría Benestar Social e Concellaría de Participación Cidadá.</p>
<p><b>COLECTIVOS IMPLICADOS</b></p>	<p>Entidades e axentes sociais da cidade de Vigo.</p>
<p><b>POSTA EN MARCHA</b></p>	<p>3º trimestre de 2008.</p>
<p><b>ENDEREZO WEB</b></p>	<p><a href="http://www.vigo.org">www.vigo.org</a>.</p>

## Eixo 5. Coñecemento e análise da realidade

A flexibilidade é unha das características deste plan, nun intento de adecuar continuamente a política municipal aos cambios que se vaian perpetrando.

Para conseguilo dende a administración municipal requírese a elaboración dunha análise da realidade de xeito continuo. Coñecer a realidade para intervir nela é a premisa deste último eixo de actuación.

Dende el preténdese achegar a todos os procesos intrínsecos á sociedade multicultural viguesa para coñecer onde se atopan as maiores dificultades e necesidades e así actuar.

### OBXECTIVOS

**Obxectivo xeral:** Realizar permanentemente estudos, dende unha perspectiva de investigación-acción, encamiñados a coñecer as variacións demográficas, económicas, xurídicas, sociolóxicas, antropolóxicas, etc. do fenómeno inmigratorio na cidade de Vigo.

#### Obxectivos específicos:

**Obxectivo 1:** Elaborar estudos sobre a realidade migratoria de Vigo en distintos ámbitos: emprego, vivenda, convivencia intercultural, participación e asociacionismo, necesidades sociais da poboación migrante e todos aqueles aspectos que se consideren relevantes para o Concello de Vigo.

**Obxectivo 2:** Proporlle, a partir dos estudos realizados, o deseño e desenvolvemento de accións e programas ao Concello de Vigo.

**Obxectivo 3:** Elaborar un boletín estatístico de carácter trimestral con información sociodemográfica referente á poboación estranxeira de Vigo.

**Obxectivo 4:** Ofrecerlles información actualizada ás distintas concellarías do Concello de Vigo.

### LIÑAS DE INTERVENCIÓN

**Liña 14: Análise permanente do fenómeno migratorio na cidade de Vigo.** É esta unha liña de carácter transversal dende a que se pretende proxectar toda a política municipal de inmigración a partir do coñecemento rigoroso da realidade migratoria de Vigo.

## PROGRAMAS-ACCIÓNS

### MEDIDA 19: OBSERVATORIO DAS MIGRACIÓNS DE VIGO

#### FUNDAMENTACIÓN

Desenvolver unha política efectiva en materia de migracións e convivencia intercultural no ámbito municipal, que responda ás necesidades reais da poboación e permita adecuar os servizos municipais á realidade diversa e migratoria que caracteriza á sociedade viguesa, require un achegamento continuo á realidade e elaborar continuamente un diagnóstico desa realidade sobre a que se quere intervir.

Para iso a administración municipal ten que dotarse dos medios que permitan esa análise continua, e un coñecemento rigoroso e exacto dos diferentes aspectos que conforman esa realidade.

Para conseguilo, a creación dun programa de estudo e achegamento ao coñecemento da realidade multicultural de Vigo preséntase como unha acción prioritaria; acción que vai marcar o desenvolvemento da política migratoria municipal e vai permitir unha adecuación da administración municipal aos continuos retos e cambios que nos presenta a diversa e multicultural realidade viguesa.



## DEFINICIÓN

Observatorio das Migracións de Vigo é un servizo permanente que realizará diferentes estudos e investigacións sobre o fenómeno migratorio e a convivencia intercultural.

Para iso atenderanse todas as dimensións do fenómeno migratorio: dimensión social, económica, participativa e relacional.

Este servizo elaborará:

- polo menos dúas investigacións anuais.
- un boletín de carácter trimestral con información estatística sobre as migracións en Vigo.
- un informe anual sobre a realidade migratoria de Vigo.
- convocar o Concurso municipal anual de boas prácticas en xestión da diversidade e a convivencia intercultural no sector empresarial e o educativo.
- seguimento e avaliación do plan.

## OBXECTIVOS

- Profundar no coñecemento das migracións na cidade de Vigo.
- Elaborar distintos estudos e investigacións sobre a realidade migratoria nos seus distintos ámbitos: emprego, vivenda, convivencia intercultural, participación e asociacionismo, necesidades sociais da poboación migrante e todos aqueles aspectos que se consideren relevantes para o Concello de Vigo.

<b>OBXECTIVOS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Transmitirlles información continuada sobre a realidade migratoria ao Concello de Vigo.</li><li>• Propor liñas de intervención ao Concello de Vigo.</li><li>• Transmitirlles aos medios de comunicación información real e precisa sobre a inmigración e a convivencia intercultural na cidade de Vigo.</li><li>• Transmitirlle información continuada sobre a realidade migratoria ao Concello de Vigo.</li><li>• Proporlle liñas de intervención ao Concello de Vigo.</li></ul>
<b>EIXO/S DE ACTUACIÓN NO/S QUE SE INSERTA/N</b>	Eixo 5: coñecemento e análise da realidade.
<b>LIÑA DE INTERVENCIÓN</b>	Liña 14.
<b>METODOLOXÍA</b>	A metodoloxía deste servizo será a da investigación social aplicada, de xeito que todas as súas accións irán encamiñadas a propor actuacións concretas en materia de migracións e convivencia intercultural.
<b>TRANSVERSALIDADE</b>	Trátase dun servizo transversal que afecta a toda a actuación municipal e a todas as concellarías.
<b>COLECTIVOS IMPLICADOS</b>	Cidade de Vigo no seu conxunto.
<b>ENDEREZO WEB</b>	<a href="http://www.vigo.org">www.vigo.org</a> .

## CADRO RESUMO DO MARCO DE ACTUACIÓN PLAN DE MIGRACIÓN E CONVIVENCIA INTERCULTURAL DE VIGO

<b>Acollida e acceso aos recursos</b>	<b>Sensibilización e loita contra o racismo</b>	<b>Convivencia intercultural</b>	<b>Participación cidadá</b>	<b>Coñecemento e análise da realidade</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Oficina de inmigración.</li> <li>- Servizo de apoio ao emprego.</li> <li>- Servizo de apoio á vivenda.</li> <li>- Convenios con entidades sociais.</li> <li>- Guía para a integración e a convivencia de Vigo.</li> <li>- Servizo de tradución e interpretación lingüísticas.</li> <li>- Atención normalizada dende servizos sociais.</li> <li>- Cursos de castelán e galego.</li> <li>- Programa de atención integral a mulleres inmigrantes e emigrantes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Programas de sensibilización.</li> <li>- Oficina antidiscriminación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Servizo de mediación intercultural.</li> <li>- Servizo de dinamización intercultural en espazos de encontro.</li> <li>- Programa "Somos novos e diversos".</li> <li>- Programa "En galego tamén noutros mundos".</li> <li>- Programa de formación interna en inmigración e interculturalidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Programa de fortalecemento asociativo.</li> <li>- Fortalecemento do Consello Municipal das Migracións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observatorio das Migracións de Vigo.</li> </ul>







## Seguimento e avaliación do plan

Para que este plan resulte efectivo e cumpra os seus obxectivos, resulta necesario o deseño das ferramentas de avaliación e seguimento que permitan medir o impacto do plan, e das 19 medidas que comprende, sobre a integración da poboación estranxeira e o desenvolvemento da convivencia na cidade de Vigo.

O seguimento do plan xorde dunha perspectiva fundamental no deseño de políticas públicas como é a flexibilidade, flexibilidade que vai permitir reformular e adecuar estas políticas á cambiante realidade social da cidade de Vigo.

### **Departamento de Benestar Social**

Con este labor de seguimento e avaliación do I Plan de Integración Social e Convivencia Intercultural de Vigo, o Departamento de Benestar Social obterá información continua e inmediata durante todo o proceso de desenvolvemento do mesmo coa finalidade de coñecer os avances que se van acadando en cada un dos Eixos establecidos e en cada unha das medidas. Isto permitiranos coñecer se o que se realiza, está en consonancia co obxectivo que pretendemos acadar e poder coñecer se existen desviacións na súa execución, establecer as causas, e determinar as estratexias necesarias para poder corrixilas.



A avaliación ten como finalidade:

- Coñecer o modo en que se executan as medidas previstas e o seu grao de adecuación cos obxectivos propostos.
- Coñecer o grao de cumprimento do Plan en cada un dos seus eixos.
- Analizar o nivel de impacto.
- Detectar as debilidades e fortalezas dos procesos e estruturas de traballo.

Para garantir o desenvolvemento adecuado do I Plan das Migracións e Convivencia Intercultural, é fundamental establecer un seguimento continuado do mesmo que nos permitirá realizar unha supervisión detallada das medidas postas en marcha. Para levar a cabo dito seguimento deseñárase unha ficha modelo de recollida da información para cada un dos proxectos, que se irá cumprimentando tomando como referencia os indicadores establecidos para cada un deles. Con posterioridade, elaborárase un informe anual interno onde se recolla información sobre as medidas executadas, as non executadas e os motivos polos que non se puxeron en marcha. Deste xeito, poderemos obter información útil que nos permitirá realizar os axustes pertinentes durante a intervención, e mellorar o deseño da execución.

Para o seguimento do Plan son fundamentais dúas estruturas estratéxicas como premisas básicas para a súa implementación: o Equipo Técnico especializado en migracións e unha Comisión de Seguimento do Plan composta por representantes do Consello Municipal das Migracións. Ambas estruturas serán as encargadas do seguimento e avaliación do Plan.

Unha vez concluída a vixencia do Plan, realizarase unha avaliación final externa que nos permitirá recoller datos sobre a




execución, funcionamento, efectos ou resultados do Plan, e valorar en que medida as necesidades do Plan foron ou non satisfeitas, ou si deu lugar a outras novas coas que non contabamos.

Coa finalidade de facilitar a sistematización e planificación da avaliación, realizarase unha avaliación cuantitativa que mida as accións tendo en conta os indicadores establecidos: Ditos indicadores nos proporcionarán información sobre o número e tipo de accións, número e perfil das persoas participantes desagregado por sexo e o grao de satisfacción das persoas participantes coas accións.

Ao mesmo tempo, e de xeito simultáneo, realizarase unha avaliación cualitativa mediante entrevistas e cuestionarios ao persoal político e técnico do Concello, ás persoas destinatarias e beneficiarias dos programas e accións, e aos axentes sociais que participaron na elaboración e posta en marcha do Plan, así como á poboación viguesa.

Unha vez realizada a avaliación, elaborárase un informe final que valore a execución levada a cabo nos catro anos de vixencia do Plan e realice unha serie de recomendacións e melloras que poderán servir de guía para a elaboración dun futuro Plan das Migracións e Convivencia Intercultural de Vigo. Con esta proposta de avaliación e seguimento preténdese en definitiva coñecer o desenvolvemento do plan de xeito que este se poida ir mellorando e adaptando ao contexto real no que se aplica, e poder planificar e xestionar de xeito máis efectivo a política migratoria municipal, que permita a construción dunha verdadeira sociedade intercultural.





Concellería  
de Benestar  
Social  
Concello de Vigo



Tenencia  
de Alcaldía  
Concello de Vigo